

andaina



andaina 42

SUMARIO

- 3 **Editorial**
- 4 **Denuncias e comentarios**
- 8 **Rede Internacional de Mulleres Xornalistas:
Unha aspiración feita realidade**
- 11 **Feminicidio**
- 15 **Meta-fora de min**
- [Dossier] 18 **Muller e deporte**
- 38 **Querida mamá... os escritores e
a súa correspondencia**
- [Cine] 42 **Fernando León de Aranoa
«Princesas da rúa»**
- 46 **Adelaida, a nai de todos**
- [Libros] 48 **Violencia en parellas novas**

Revista Galega de
Pensamento Feminista

Inverno, 2005

Apdo. 1058
Santiago de Compostela

www.andainamulleres.org
andaina@andainamulleres.org

CONSELLO DE REDACCIÓN

Ana Arellano, Nanina Santos,
Milagros Becerra, Felicia Estévez,
Pilar Pérez Rey, Laura Gómez Lorenzo,
Nadia Álvarez Fernández,
Patricia Arias Chachero,
Celia Balboa Guerra e
Raquel Barreiro Paz

COLABORAN NESTE NÚMERO

Áurea Sánchez
Marisa González Seoane
Raquel Mato Paderne
Ángeles Fer
Raquel Barreiro Paz
Laura Gómez Lorenzo
Patricia Arias Chachero
Carmen Briz
Patricia Costa Grande
Nanina Santos

DESEÑO GRÁFICO
CEBRA

IMPRIME
Grafisant, S. L.
D.L.: C-1.146-88

Andaina non se identifica necesariamente
coas opinións dos artigos que aparecen
nesta revista

EDITORIAL

Tarefas pendentes

Dunha maneira ou doutra o deporte está presente en todas as culturas e en todas as épocas, a súa práctica é recoñecida como beneficiosa por todos os organismos e institucións, podemos pór como exemplo o preámbulo da Declaración de Brighton da Conferencia Internacional sobre Muller e Deporte: «O deporte é unha actividade cultural que, practicada xusta e equitativamente, enriquece a sociedade e a amizade entre nacións. É unha actividade que ofrece aos individuos a oportunidade de coñecerse mellor, expresarse, e cumprir algo; de realizar o éxito persoal, adquirir habilidades e demostrar a súa capacidade; en resumo, o deporte é unha actividade social agradable que fomenta a saúde e o benestar».

Sen embargo, aínda que vai medrando pouco a pouco, a participación das mulleres no deporte segue a ser moi baixa, sobre todo nos deportes de grupo.

A competitividade está tan vinculada aos valores masculinos que moitas veces é mal vista por parte de mulleres feministas, pero aprender a competir, a gañar e perder, sen ter que levalo ao límite da prepotencia ou da humillación, forma parte tamén de aprender a vivir. Os deportes de grupo teñen ademais a virtude de ensinar a compartir e traballar en equipo, de ceder o protagonismo individual ante o do colectivo...

É frecuente atopar grupos de homes que se reúnen de cando en vez para xogar en pequenas competicións, algo que resulta pouco habitual entre as mulleres. En xeral, as mulleres practican deporte máis como exercicio físico vinculado ao coidado do corpo, ir nadar, correr... que como actividade de competición.


Nos deportes individuais –natación, ciclismo, marcha, esquí, tenis...– é onde hai máis participación feminina, aínda que algúns tamén individuais, como as carreiras de coches ou de motos son case terreo exclusivo de homes, por máis que faga anos que as mulleres conducimos motos e coches.

Patróns e estereotipos culturais, moito máis que as diferenzas biolóxicas postas tantas veces como escusa, marcan un papel masculino e feminino diferenciado desde idades moi temperás nas escolas ou nas casas á hora de practicar un deporte... O corpo musculado polo exercicio deportivo non se corresponde co estereotipo de beleza feminina... A agresividade, moito máis que a competitividade, que impera na práctica dos deportes colectivos está nas antípodas da sensibilidade e a creatividade que se lles supón as mulleres...

Nos xornais deportivos, os de maior tirada con moita diferenza respecto aos de información xe-

ral, son moi poucas as noticias que aparecen protagonizadas por mulleres. As escasas carreiras ciclistas para mulleres pasan agachadas entre as noticias locais. Os partidos de baloncesto e de fútbol feminino teñen pouca afición que os anime. Nas competicións, as categorías femininas teñen premios monetarios máis baixos cás categorías masculinas.

Á hora de mudar estereotipos o deporte ten aínda moito que facer, fomentar o interese e a participación das mulleres nos deportes de grupo é tamén tarefa pendente das Consellerías de Educación e de Cultura, ambas por certo dirixidas por mulleres.

E neste novo goberno da Xunta, que celebramos como aire fresco despois da longa etapa do PP, *Andaina* quere felicitar especialmente a dúas mulleres con responsabilidade na Vicepresidencia, Carme Adán, directora xeral para a Igualdade e Ana Luísa Bouza directora do Servizo Galego de Igualdade, ambas colaboraron en diversas ocasións con artigos para esta revista e no caso de Ana Luísa Bouza, formaba parte ademais desde hai anos da equipa de redacción. Os nosos parabéns para as dúas, e os mellores desexos para esta nova andaina que todas emprendemos. 



denuncias e comentarios

Cindy Sheehan é a nai de Casey, un soldado estadounidense morto en Irak durante unha emboscada en Bagdad no 2004. Ela converteuse en Norteamérica nun símbolo da campaña contra a invasión e a guerra en Iraq. A finais de xullo acampou durante máis de 20 días fronte ao rancho de Bush en Texas, pedíndolle unha entrevista para saber «por cal causa nobre» morrera o seu fillo.

A protesta solitaria de Sheehan, de 48 anos, que se mantivo 26 días no seu campamento, e a atención que gañou da prensa mundial reavivou o movemento de oposición a Bush.



A desobediencia civil que no mes de setembro se trasladou para diante da «Casa Blanca» é una forma de protesta característica de diferentes movementos sociais e políticos en Estados Unidos.

Cindy, nai de Casey, ao igual que tantas outras nais, a de José Couso, por exemplo, ou as emblemáticas Nais de Praza de Maio no tempo da ditadura argentina de Videla, son dignas dunha coraxe e valentía merecentes de admiración. ☞

A agulla de María Miramontes, modista, muller de Ánxel Casal, que coñecemos agora grazas á exposición «Os artistas de Ánxel Casal. Arte e edición nunha Galiza entusiasmada» (20 de outubro-11 de decembro de 2005) contribuíu a financiar o labor editorial do seu home.

Ela, como tantas, ficou en segundo plano, porque o primeiro as máis das veces ocúpalo eles e anque o seu labor sexa importante e mesmo básico, os loureiros vanos levando eles.

É de agradecer que a memoria recupere para a luz e para os primeiros planos todas as persoas que os ocuparon. ☞

«Máis cárcere, máis castigo, máis penas»

O fiscal xeral do Estado, Conde-Pumpido, vén de defender un meirande agravamento de penas por maltrato para os homes.

Causa estupor a declaración cando menos por dúas cousas:

▶ As sucesivas reformas legais e penais dos últimos cinco anos, veñen agravando de vez en vez as penas dos varóns condeados por maltrato, sen que coñezamos avaliación algunha do resultado destes continuos cambios. Dan mellores resultados? Peores? Serve para os obxectivos de protexer as vítimas, previr a violencia e educar a cidadanía e, en particular os varóns noutra liña?


▶ Conde-Pumpido non era da liña de *máis cárcere, máis castigo, máis penas* e, que, de seguir avanzando, chegará naturalmente á cadea perpetua. Que ten acontecido? É o cargo que moldea e moldea os ocupantes? Son abducidos pola liña *politicamente correcta* do feminismo que máis se fai oír?


As mulleres con cousas así non estamos de noraboa. Cada vez máis medra a política tuteladora en nome da «protección ás vítimas». Da dependencia dos pais, maridos e mesmo fillos á tutela do Estado a través das máis variadas institucións. Qualquer cousa menos que as mulleres gañemos autonomía. ☞

A FAES, os bispos, Aznar, Rouco Varela... abonados sempre a estas páxinas porque necesitan publicidade e conséguela como saben: sei que agora o Estatut abre a porta á poligamia... por iso e para iso están eles, con grandes oracións e fervorosas adicacións. Para manernos no bo camiño... coa COPE, FAES e Jiménez Losantos. ☞

Eles prefírenas mortas


Grazas á sección de necrolóxicas do diario *El País* coñecemos mulleres importantes que non sabiamos delas. Liña editorial como calquera outra. Sen embargo, non deixan de sorprendernos as declaracións, máis inconscientes que conscientes? que din: «preferímosvos mortas».

Brianna Murphy, unha pioneira atrás da cámara de cine, a primeira directora de fotografía en Hollywood; Françoise d'Aubonne, pioneira, esta, do feminismo francés dos anos setenta, profesora, novelista e xornalista de ocasión; Rosa Lee Parks e etc. 

A aprobación da lei que permite a homosexuais e lesbianas casar, foi estreada por moitas parellas que de xeito público ou privado ordenaron os seus paipes e os seus desexos de formalizar por lei a súa convivencia cos dereitos que a institución matrimonial outorga. 


«Nosotras que perdimos la paz»

O 11 de outubro no Circulo de Belas Artes de Madrid presentouse o libro de Llum Quiñonero *Nosotras que perdimos la paz*.



O libro, editado por Foca, recupera para a nosa memoria catro historias de vidas de mulleres. Catro que dalgún xeito recollen as catro tradicións máis fortes de loita presentes naquelas alturas: anarquista, socialista, nacionalista e comunista.

Durísimas e emotivas historias de coraxe, valentía e sufrimento. Memoria de novo, para non enterrar o pasado e para non esquecer que hai milleiros de persoas ás que se lle debe recoñecemento público e privado. A elas e/ou aos descendentes. Tamén a quen recolleu socialmente a testemuña das persoas e colectivos que defenderon a orde legal que a segunda República encarnaba.

O libro inclúe o documental da autora: *Mulleres do 36*, producido en 1999 por *La Noche Temática* da TVE 2. 


As directoras de orquestra

Imma Shara (Álava, 1972); Virginia Martínez (1979), Olga Isabel Ramos... Pouquísimas as directoras de orquestra de músicas clásicas no podio.

O acceso á Dirección de Orquestra considérase o *sancta sanctorum* da música, por iso espazo reservado, xunto coa composición, aos varóns.

Elas sen embargo pouco a pouco van medrando, facéndose ver e dirixindo orquestras. Seis nada máis, as que dirixen grandes orquestras do mundo... Pouquísimas, por iso necesitan os nosos saúdos, desexos de sorte e longa vida ademais de animar as raparigas que sintan inclinacións cara a música a que non se corten.

Nesta liña de pular as mulleres na música (dirección, composición, interpretación) se ten creado a OSMUM:

Orquestra Sinfónica de Mulleres de Madrid, porque aínda que se insiste –e é verdade– que as leis non nos discriminan, a vida é cousa ben diferente: os hábitos, as rutinas, os privilexios, os prexuízos, as inercias... seguen funcionando con forza en ocasións e require, das mulleres sobre todo, valentía para non deixarse amilantar nin comer terreo nin empurrar polas resistencias, inercias ou privilexios doutros que levan amparados polas tradicións e os costumes vidas enteiras. 



O PNUD

Dous datos do Informe 2005 para o Programa de Nacións Unidas para o Desenvolvemento (PNUD):

- ▶ A SIDA MATA A 3.000.000 DE PERSOAS ANUALMENTE.
- ▶ Os orzamentos que os países desenvolvidos adican a SIDA por ano é o mesmo que o que invisten en armamento durante tres días.
- ▶ Os 500 INDIVIDUOS MÁIS RICOS DO MUNDO teñen máis ingresos cás 416.000.000 de persoas máis pobres do planeta. ☞

Redadas nas rúas e bares, acosos continuos, fotos de clientes colgadas en Internet para humillalos diante das familias, amizades, colegas de traballo, requisamento de automóbiles dos usuarios de sexo de pago etc. (nas principais cidades dos EE. UU., porén tamén se van collendo mañas semellantes en Barcelona, Madrid...)

As campañas de orde e pureza moral recrudécense... Ah pecadores!

Namentres as ANELA de turno tentan tirar o máximo beneficio traballando para que a prostitución só se poda exercer en locais de alterne. Nada de rúa, nada de autonomía.

Pola súa parte, sectores maioritarios do feminismo confundindo prostitución forzada (prostituídas) con prostitución elixida (prostitutas), achegan as súas forzas ás campañas desenvolvidas por gobernos municipais ou autónomos que nada teñen que ver coa liberdade, autonomía e dereito das mulleres ao seu sexo, ao seu corpo e a facer os tratos e contratos que queiran e poidan. ☞

Remata de saír o Plan de Igualdade 2005-2007 do Concello compostelán e agardamos que se cumbran os seus obxectivos. ☞



O mercado mundial de roupa e calzado deportivo xera moitos millóns de dólares (en 2002: máis de 58.000).

Estes beneficios son posibles polas condicións laborais das persoas contratadas para este negocio, en situacións vulnerábeis e vítimas en moitos casos de abusos e de explotación bárbara.

Xornadas de até 16 horas diarias durante seis días á semana, baixos salarios vencellados ao destallo, os talleres onde cosen, cortan, pasan o ferro, etc. carecen de condicións básicas de seguridade e salubridade.

Tampouco poden afiliarse ou organizarse en sindicatos...

Os países máis afectados por esa situación son Bulgaria, Camboia, China, Indonesia, Turquía e Tailandia (seguro que se reparamos no lugar de fabricación deste tipo de prendas, estes terán maior presenza que outros).

A campaña que desenvolveron no 2004 «Xoga Limpo nas Olimpíadas», respaldada pola Confederación Internacional de Organizacións Sindicais Libres (CIOSL), Campaña Roupa Limpa e Oxfam Internacional, quixo pór todo isto de relevo e traxer a meta de conseguir melloras laborais concretas nestes países antes de Beijin 2008. ☞

Sheryl Swoopes, xogadora de baloncesto da WNBA, recoñeceu nunha entrevista para a televisión ESPN ser lesbiana: «a razón pola que admitín a miña sexualidade non é para ser unha clase de heroína. Simplemente estou cansa de pretender ser alguén que non son». Ningunha deportista nin ningún varón da súa categoría tiñan admitido a súa orientación sexual até o de agora. NORABOA! ☞



Algúns premios Príncipe de Asturias 2005 resultan rechamantes:

O premio á Concordia á orde relixiosa das Fillas da Caridade polo labor humanitario e social a prol dos desfavorecidos. Excepcional labor, dixeron... e cabe pensar o labor que fixeron nos cárceres de mulleres ao longo do século XIX até que Victoria Kent, directora xeral de prisións, botounas fóra e creou un corpo especializado.

Franco, repescounas para que seguisen aferrollando as presas (as roxas, as prostitutas, as adúlteras, as que facían abortos e as que abortaron... e outros máis delitos comúns aos varóns). Elas como outras ordes relixiosas que tamén fixeron de carceiras no franquismo, son lembradas por mulleres aínda vivas que as padeceron... no seu excepcional labor humanitario.

A Antoni Ruíz, Presidente da Asociación de Ex Presos Sociais, foi unha monxa quen o delatou á Brigada Criminal por homosexual. Tiña só 17 anos, «ás seis da mañá presentáronse en casa catro secretas. Na Xefatura, no interrogatorio querían que denunciase outros homosexuais». Así empezou o seu periplo polos cárceres: Valencia, Carabanchel, Madrid; despois o desterro... Foi no ano 1995 cando, por casualidade, se enteirou de que seguía fichado por «maricón». El non pode esquecer que a súa vida marcouna a delación dunha monxa.

Tampouco é manco o premio a Fernando Alonso. É un deportista de elite e moitos mozos –mozas tamén– admíranlo e queren ser coma el, porén... os que concederon o premio lembraron o problema do exceso de velocidade en tantísimos accidentes de tránsito de xente nova? ☞

Boletín
de subscrición



andaina

Revista Galega de Pensamento Feminista

Nome

Apelidos

Enderezo

Localidade Código Postal

Desexo subscribirme á Revista **Andaina**

a partir do nº

Prezo: *Tarifa normal* 15 € ano

Tarifa de apoio 16 € ano

Envío talón. Pago en efectivo

Transferencia bancária á cta. de Andaina (Caixa Galicia CCC: 2091-0377-74-3040003301)

Domiciliación bancaria (cubrir os datos adxuntos e enviar a: Revista Andaina, apdo. 1058 de Santiago)

Data

Bco/Caixa Oficina

Localidade

Agradecerei-lles que a partir desta data atendan con cargo a miña conta Nº CCC:

Entidade Oficina

Dc Nº de conta

Os recibos presentados pola revista **Andaina**. Atentamente:

Nome

Apelidos

Sinatura do/a titular da conta:



Rede Internacional

Unha aspiración feita realidade

ÁUREA SÁNCHEZ

A Rede Internacional de Mulleres Xornalistas e Comunicadoras creouse formalmente na reunión que tivo lugar en Madrid os días 16 e 17 do pasado mes de setembro.

As súas promotoras principais foron Fabiola Calvo, Ana Zarzuela, Belén Merino, Lourdes Uquilla e Nuria Varela.

Ao encontro de Madrid asistiron xornalistas de Andalucía, Cataluña, Galicia, A Rioxa, Madrid e Cantabria.

O marco de discusión serviu para escoitar informes sobre a situación das mulleres profesionais dos medios de comunicación nas distintas comunidades autónomas e para trasladar os temas ás 4 mesas de debate.

A proposta dunha das mesas, aprobouse en pleno a denominación, Rede Internacional de Mulleres Xornalistas e Comunicadoras. A proposta doutra delas deuse o visto bo á definición, «rede independente á que se suman asociacións existentes que o desexen xunto con mulleres xornalistas que non estean organizadas nin en grupos nin en asociacións».

A Rede Internacional de Mulleres Xornalistas funcionará mediante unha coordinadora itinerante, que lle permitirá observar ás asociadas e non asociadas ao tempo que evitará a concentración de poder

de Mulleres Xornalistas:

A rede enmárcase nos valores da democracia participativa e os dereitos humanos das mulleres.

Obxectivos

A mesa á que lle correspondeu definir **obxectivos** elaborou dúas listas paralelas de combate que piden **visibilizar as mulleres**. Unha delas define os obxectivos das mulleres xornalistas e comunicadoras e na outra márcanse os obxectivos de mellorar a calidade de vida das demais mulleres no mundo.

Así, as **xornalistas e comunicadoras** loitarán por:

- ▶ Visibilizar ás mulleres xornalistas e a súa situación no mundo.
- ▶ Fomentar o contacto entre mulleres xornalistas e comunicadoras, o coñecemento e difusión da súa realidade.
- ▶ Promover os valores solidarios e de cooperación.
- ▶ Utilizar unha linguaxe non sexista e demandar a incorporación de léxico feminista.

▶ Esixir a incorporación da tradición intelectual feminista no mundo académico.

▶ Esixir a paridade nos medios de comunicación: cargos, redacción e postos de toma de decisión.

▶ Loitar polos dereitos laborais e erradicar a precariedade das xornalistas.

▶ Promover a formación con perspectiva feminista.

Visibilizar ás mulleres no mundo:

- ▶ Loitar contra o patriarcado en todas as manifestacións.
- ▶ Potenciar o «empoderamento» das mulleres
- ▶ Promocionar os dereitos humanos das mulleres
- ▶ Traballar contra todas as formas de violencia contra as mulleres.
- ▶ Construír unha cultura de paz e contra calquera tipo de guerra.
- ▶ Recoñecer e fomentar ás mulleres como produtoras e elaboradoras de información.
- ▶ Rexeitar e denunciar as imaxes estereotipadas e sexistas.

▶ Fomentar o uso estratéxico dos medios e o acceso ás tecnoloxías da información e a comunicación.

▶ Democratizar o acceso aos medios de comunicación.

Estrutura

A Rede Internacional de Mulleres Xornalistas funcionará mediante unha **coordinadora itinerante**, que lle permitirá observar ás asociadas e non asociadas ao tempo que evitará a concentración de poder. A coordinación itinerante contará cunha xornalista ou comunicadora como coordinadora xeral.

Sobre a estrutura e a forma de traballo acordouse tamén estender e consolidar a rede nas cidades e núcleos de poboación máis pequenos, alí onde as mulleres xornalistas teñen máis dificultades para asociarse e dar a coñecer os obxectivos da rede.

A rede considera moi importante a creación dunha escola de formación para superar a formación androcéntrica que reciben as alumnas nas facultades de xornalismo

Tendo en conta que a forma federativa é a que mellor permite un funcionamento independente, acordouse consultar a expertas en dereito civil administrativo sobre a idea de federarse. Independentemente da estrutura formal que se adopte no seu momento, mantérase internamente a filosofía e dinámica adoptadas no encontro de «organización horizontal non xerarquizada, senón consensuada».

O encontro de Madrid levará como proposta á reunión de México (do que se dará conta máis adiante), que Madrid sexa a sede do próximo encontro internacional, a celebrar no ano 2007, e, polo tanto, que asuma a coordinación ata esa data, cando lle entregue a organización a outro país que se comprometa coa coordinación do encontro bianual.

Escola

A rede considera moi importante a creación dunha escola de formación para superar a formación androcéntrica que reciben as alumnas nas facultades de xornalismo.

As mulleres xornalistas consideran **malas praxes** a invisibilización das mulleres, as súas aportacións, éxitos e traballos; o relato dos acontecementos só considerando o que afecta á metade da po-

boación, os homes; o uso de xenéricos como sinónimos do masculino; a falta de expertas a hora de completar as informacións; o uso de tópicos e estereotipos sexistas; a falta de formación e información sobre os temas que afectan exclusivamente ás mulleres (violencia de xénero, violacións en conflitos armados, protocolos sanitarios...); a falta de mulleres como fontes de información... A creación da escola facilitará o crecemento da rede, así como a expansión, discusión e reflexión, dos valores que esta defende.

A escola será tamén itinerante e terá como primeira finalidade a formación de xornalistas da rede en cada lugar.

Sobre a incorporación de homes á Rede de Mulleres Xornalistas, estudouse unha experiencia de América Latina e propúxose incorporalos para favorecer a difusión dos obxectivos da rede.

Páxina web

<http://80.32.118.155:8181/index.php?>

Adoptouse a proposta de publicación electrónica en formato forum presentada polas colegas de Cataluña mentres non haxa outra propia.



Campañas, actividades e financiación

Acordouse que é de vital importancia a difusión da existencia da Rede Internacional de Mulleres Xornalistas e Comunicadoras para que moitas máis mulleres entren nela e participen do seu crecemento. A financiación dependerá da forma de constitución da rede, federal ou non, pero mentres tanto pode haber apoios financeiros para actividades concretas a desenvolver.

No encontro de Madrid constituíuse unha comisión encargada de xestionar unha viaxe a México. Ordenado coa axencia de noticias CIMAC, celebrábase un encontro da Rede de Mulleres Xornalistas e Comunicadoras en Michoacán; un encontro que terá lugar no mes de novembro. Espérase que nese encontro se aprrobe unha declaración de compromiso coas mulleres latinoamericanas de loitar contra o «feminicidio» de Ciudad Juárez.

<http://www.telefonica.net/web2/aureasanchez/> 

Fem ! nicidio

 MARISA GONZÁLEZ SEDANE
E RAQUEL MATO PADERNE

O día 14 de setembro de 2005, na Galería Sargadelos de Santiago de Compostela foi presentado un documento na súa versión preliminar da URNG (Unidade Revolucionaria Nacional Guatemalteca) pola congresista Alba Estela Maldonado. Ela é unha das 14 mulleres que teñen escano nun país onde o seu Congreso ten un número de representantes de 140 membros. A participación e representación institucional da muller nese contexto é simbólica, apenas o 14%.

A comandante Lola, que foi guerrilleira durante varios anos (hoxe a congresista Alba Estela Maldonado) veu para convencernos da necesidade de introducir un novo tipo delitivo no Código Penal (CP) do seu país, pero tamén no resto dos Estados que conforman a Comunidade Internacional; o termo en cuestión é «**feminicidio**», é dicir, segundo a/as autoras do traballo que se presentará en novembro en Bruselas «acción por medio da cal se dá morte a unha muller, con acción ou omisión por parte do Estado».

Cremos que esta figura xa está recollida e suficientemente sancionada como homicidio ou, no seu caso, como asasinato nos actuais CP vixentes e que é innecesario por redundante abrir un debate técnico-político-xurídico para introducir o que xa está en vigor. A delincuencia, cando a figura da vítima é unha muller non representa, dentro da violencia xeralizada que se dá en Guatemala, unha porcentaxe tan elevada como para xustificar un tratamento desigual atendendo á mesma.

Certas contradicións aparecen no texto que non queremos deixar pasar por alto, por exemplo, dísenos que o «Feminicidio» pretende tipificar a execución brutal e violenta de asasinatos de mulleres (tortura, estrangulación, mutilación...) e por outro lado, deducimos do texto que case o 70% dos asasinatos son realizados con armas de fogo. Cal sería a base que xustifica ese trato de favor que se solicita por

diario español *El País* que nos informa sobre o asalto de bandas a un correccional guatemalteco cun saldo de 14 mortos e 10 feridos. Algúns dos mortos foron mutilados. Entre agosto e 21 de setembro de 2005 morreron 53 mareros (membros das maras ou bandas).

Algúns autoras ideolóxicas do termo «**feminicidio**» esaxeran máis aínda a conceptualización e indican que «é un xenocidio con-



Alba Estela Maldonado (no centro) o día da súa exposición na Galería Sargadelos de Santiago

Dísenos «o Estado e a sociedade guatemalteca atópase actualmente fronte a un fenómeno que revela claras mostras de impiedade de xénero, xa que o suxeito activo comete o delito contra a muller coa certeza de que segue patróns de conduta aprobados, asumidos e en poucas ocasións investigados e sancionados [...]»

parte do Estado? Non sería discriminatorio? Afirmán tamén que o número de asasinatos de mulleres é notabelmente inferior ao de homes (11,5% e 88% respectivamente) executados estes tamén con violacións e tratos absolutamente denigrantes. Exemplo recente publicado o 21 de setembro 2005 no

tra as mulleres». Se baleiramos de contido o termo xenocidio» asimilándoo a accións que non responden por equivalencia ao resultado do mesmo, estaremos entrando nunha espiral difícil de soste-

Segundo o Dereito Internacional o significado de xenocidio é o «asasinato de grupos nacionais, étnicos, raciais ou relixiosos».

De nada serve elaborar un novo tipo se non se investiga sobre a autoría dos feitos.

A Constitución guatemalteca di que o Estado ten entre as súas obrigas (arts. 2, 3 e 4 do texto constitucional) «protexer a vida e integridade de todas e cada unha das persoas que viven no territorio nacional».

Se a pena imposta neste novidoso tipo fose maior cá contemplada no homicidio ou no asasinato, non se podería levar adiante se o Estado non actúa coa dilixencia debida e entrariamos asemade nunha espiral da violación do principio de igualdade e non discriminación xa que, a violencia entre homes tamén é unha desgraciada realidade en Guatemala.

O que deberiamos criticar desde os movementos feministas, sociais, internacionais e políticos é precisamente a falta ou carencias de esforzos adecuados para combater con eficacia a violencia xeralizada (que non de xénero) que se está a vivir no país centroamericano.

Por non teren infraestruturas, o que conleva ausencia de investigación, de políticas sociais, non fiscalización das actividades dos organismos públicos... xéranse consecuencias como as seguintes: o 15,79% das mortes non están xustificadas, existe unha alta porcentaxe de vítimas non identificadas, o móvil que induce á execución do maior número deste tipo de asasinatos é ignorado, no 43% dos casos ignoramos o oficio das vítimas...

Criticase no texto a ineficacia do sistema xudicial dando lugar á impiedade dos delitos cometidos contra a vida das mulleres (maiormente de carácter político). Entendemos que o problema reside na inoperatividade do sistema xudicial-policial-forense, etc. Por tan-

to, a situación en nada vai variar posto que se non se aplican as figuras delitivas en vigor (asasinato-homicidio) non cremos que por arte de birle birloque a nova figura que se pretende recoller, mellore esta penosa e desastrosa situación.

Así vén recollido no informe do PDH (Programa de Dereitos humanos) de 2003, no que se especifica que no 82% dos casos non se identifica ningún responsábel ou sospeitoso destes crimes. Por tanto entendemos que a deficiencia non radica no delito que se está a cometer senón na incapacidade do Estado para investigar, procesar e castigar os culpábeis. A maioría destes casos arquívanse por unha mala práctica policial como por exemplo, detencións ilegais, alteración das probas (non se protexe a escena do crime), obtención irregular de probas, falta de unificación do traballo forense (ausencia de profesionalización...). Todo o exposto desincentiva as vítimas para denunciar e non como deducimos do texto a represión contra as mulleres nunha sociedade patriarcal e machista (que sen dúbida tamén inflúe).

Dísenos na versión preliminar sobre «feminicidio en Guatemala» que «a maior parte das mortes violentas contra mulleres ocorridas nos últimos anos ten unha ou varias das circunstancias que se atribúen ao asasinato (alevosía, asaño, premeditación coñecida, preparación, ocultación...) e conclúe «a violencia de xénero non é recoñecida na lexislación como unha categoría de homicidio cualificado nin como agravante».

Dísenos «o Estado e a sociedade guatemalteca atópase actualmente fronte a un fenómeno que revela claras mostras de impunidade de xénero, xa que o suxeito activo comete o delito contra a muller coa certeza de que segue patróns de conduta aprobados, asumidos e

en poucas ocasións investigados e sancionados. A isto súmase unha acción colectiva de silencio, indiferenza e normalización fronte a un feito que se recoñece antixurídico e delitivo, salvo escasas excepcións».

Pois ben, cremos que se debe modificar o paradigma cultural que incide neste modelo de actitudes e de pensamento PERO NON CREAR novos tipos delitivos que nada van

Mellorar a situación socio-económica do país, estatalizar os servizos sociais, *despistolizar* unha poboación que ten armas sen ningún tipo de control, dereito facilitado pola Constitución guatemalteca («dereito á tenza de armas de uso persoal non prohibidas pola lei») pero o 90% das armas decomisadas son ILEGAIS, continúa dicindo o relatorio. Isto agrávase xa que o Departamento de Control de Armas

Dísenos na versión preliminar sobre «feminicidio en Guatemala» [...] «a violencia de xénero non é recoñecida na lexislación como unha categoría de homicidio cualificado nin como agravante»



aportar se non enchemos de contidos e de valores democráticos á sociedade e ás institucións de Guatemala.

e Municións, dependente do Ministerio de Defensa e coa función de otorgar licenzas e o control das armas de fogo actúa con total secretismo afectando a seguridade pública do país. Seguridade que está en mans de empresas (a maior parte delas, ilegais), dirixidas por exmilitares e expolicías que traballaron como tales ao servizo da brutal ditadura que sufriu Guatemala durante máis de tres décadas.

Sobre os fundamentos ideolóxicos da violencia contra as mulleres, o traballo presentado en Sargadelos fixase «no sistema autoritario de poder, as sociedades patriarcais e aquelas divididas en clases xeran mecanismos ideolóxicos para perpetuar e xustificar as relacións de desigualdade, discriminación, inxustiza e todo tipo de violación de dereitos. No caso das mulleres, historicamente, a superestrutura ideolóxica patriarcal e clasista teñen utilizado unha serie de institucións sociais para fundamentar e asegurar a subordinación nas relacións de poder familiares, económicas e sociais en xeral, especialmente para garantir o cumprimento da súa función reprodutiva, concebida como unha obriga natural: Relixión, Dereito, Sistema Educativo e Medios de Comunicación teñen sido os instrumentos máis importantes deste sistema».

As antinomias que chaman a nosa atención son:

▸ Delincuencia ligada á pobreza; isto non é certo se temos en conta que as situacións de maior pobreza danse no ámbito rural e o maior índice de delincuencia prodúcese no ámbito urbano.

▸ Atendendo ás estatísticas que se nos ofrecen, o maior número de vítimas mulleres encádrase entre as ladinas e as menores de idade (entón por que se reclama maior protección para as indíxenas?).

▸ O incremento da actividade produtiva das mulleres que se pretende facer valer ao longo do texto como unha das causas que xeran este tipo de violencia por asumir a muller roles non tradicionais non é proporcional ao incremento da delincuencia contra elas.

En Guatemala existe unha Lei contra a violencia intrafamiliar e o recoñecemento no Código Civil (CC) da igualdade da representatividade conxugal. Criticamos de acordo coa/s autora/s do texto que esta lei só inclúa medidas de protección mais non sancións contra o infractor por non estar tipificado este comportamento como delitivo (por exemplo, os maos tratos dentro do seo familiar). Asemade consideramos que a figura de «acoso sexual» debería ser delito e non falta.

Consideramos que o crime organizado (maras-bandas con formación piramidal e nas que os membros que compoñen os niveis xerarquicamente máis altos están impunes), o narcotráfico, o branqueo de diñeiro, a corrupción... son causa de descontento social e violencia xeralizada.

As modificacións no CP introducindo a tipoloxía «feminicidio» non prosperarán nin aliviarán as condicións de vida das mulleres guatemaltecas se antes non se incide no coñecemento e na asunción por parte da sociedade no seu conxunto dos valores democráticos máis básicos recoñecidos e asinados nos diversos tratados, convencións internacionais e leis autónomas do Estado Guatemalteco.

En todo caso si amosamos a nosa conformidade coas recomendacións sinaladas neste interesante e prolífero traballo para modificar e mellorar a situación global de Guatemala.

Esa e non outra é a nosa opinión. ☒

Librería



Michelena

R. Michelena, 22
Tel: 85 87 46 Pontevedra

librería
couceiro



R. República de el Salvador, 9
Tel: 56 58 12 Santiago

CARTELES



Café

Rúa do Sol, 139-141
Tel: 35 31 66 Ferrol

Cando unha nace no 74, vive a súa infancia, incluso a adolescencia e a xuventude, sen decatarse apenas da orde establecida ó seu redor. Cando unha é nova a forza é tanta... un río de vitalidade capaz de arrastrar ó seu paso calquera vestixio de sexismo, pero tamén de clasismo, de fascismo ou de catolicismo. A esa idade unha pénsase a si mesma invencible: «Non existen os obstáculos, quen dixo medo? O medo ficou no pasado. Eu pertenczo a outra xeración. As cousas cambiaron. Teño a sorte de vivir noutro mundo. Vou chegar onde me pete porque son unha muller que pode dirixir a súa carreira, que pode demostrar o que vale e vencer

os prexuízos dos que non tiveron a sorte de nacer canda min».

Palabrería, cegueira, inconsciencia.

Un bo día abres os ollos. Alguén che fai abrir os ollos. E levántase ante ti o muro do PATRIARCADO. De súpeto, o teu camiño está pechado por unha lousa grosa e inmensa, un muro dunha peza, alto e circular, que te rodea a ti e a todas as demais.

Pero aínda che queda forza e vitalidade. Queres fuxir de entre esas paredes asfixiantes e intentas saltar. Entón, o muro convértese nunha alambrada de espiño. E sénteste inmigrante no teu propio país: maltratada, ferida e esquecida dende

hai séculos, igual que todos os subsaharianos. Agora, igual ca eles, estás embarcada nunha odisea e non es quen de albiscar o final.

Entón fas un repaso da túa vida e voltas ó comezo. Eras xornalista. Querías viaxar, contar o que pasaba, dicir a verdade, prestar a túa voz para denunciar a inxustizas... Pero chegaron os dinosaurios mediáticos coas súas mañas xurásicas e aplastaron aquela inocencia, aquelas ansias de loitar. Fúcheste convertendo nunha máis. En fin, nunha máis non, na apestada que sempre se metía en problemas, que non sabía estarse calada, que non era o suficientemente fría e intelixente para saber que lle conviña

Meta-fora de min

máis morder a lingua e preocuparse polo seu benestar persoal que intentar solucionar *os problemas do mundo*, e que por iso ía peregrinando dun traballo a outro, dun xefe a outro, e en todas partes acababa pasando o mesmo.

E o peor era que pensabas que eras a única. Ata que atopaches outra coma ti. compañeiras de promoción na carreira, cunha historia profesional parella e, en cambio, tan afastadas a unha da outra. As mulleres tardamos demasiado tempo en darnos conta de que as cousas que nos pasan, non nos pasan so a nós. Aquel mozo que tiveches que... non fuches a única. Aquel xefe que che dixo... tampouco fuches a única.

na que traballamos durante case cinco meses. Durante ese tempo demos forma a trece capítulos, de media hora aproximada de duración, enfocados dende a perspectiva de xénero, nos que se analizaba a situación da muller en torno a diferentes problemáticas: a educación, a saúde, a violencia de xénero, a prostitución, a sexualidade, a maternidade, a muller na terceira idade, a muller no rural, a muller no mar, as amas de casa, a muller nos medios de comunicación, a muller no entorno laboral e a historia do feminismo.

A ilusión era inmensa. Por fin podíamos contarlle ó mundo todas estas cousas, e ademais, dende a Televisión de Galicia. Aquelo era

A miña compañeira, outra xornalista, foi a que me abriu os ollos. Tanta indignación contra o sexo oposto por fin canalizada en algo que tiña sentido e que ata tiña nome: PATRIARCADO

A miña compañeira, outra xornalista, foi a que me abriu os ollos. Tanta indignación contra o sexo oposto por fin canalizada en algo que tiña sentido e que ata tiña nome: PATRIARCADO. Descubrimos o alcance real desta palabra, xuntas, durante unha das etapas máis bonitas, aunque tamén máis dolorosas, da nosa vida profesional. Despois de tantas conversas e tanta impotencia compartida, por fin tiñamos a posibilidade de facer un programa de televisión sobre o tema que máis nos preocupaba na nosa vida diaria: as mulleres.

A produtora de televisión, ALDEA FILMS, contratounos para elaborar os contidos dunha serie documental para Televisión de Galicia

coma un sono, pero pensamos que xa era tempo de que se fose facendo realidade. Demasiado bonito para ser verdade. Despois de entrevistar a decenas de persoas de tódolos ámbitos, de meternos nas súas vidas e, en moitos casos, nas súas casas, un bo día, o propietario de ALDEA FILMS, Javier Valiño, chámamos ó seu despacho para dicirnos que temos que abandonala produtora, a pesares de que «non teño dúbidas da vosa valía profesional e da calidade do voso traballo». Empeza entón, o calvario burocrático de todo despido, suavizado en grande medida polo apoio incondicional de CC. OO. e por todas e todos os que tiñan colaborado connosco e que, per-

plexos polo acontecido, nos calmaron con palabras de cariño e de ánimo.

Preguntarédvos o porqué deste despido. Tamén nos. Poderíamos dicir, o patriarcado, pero sería demasiado fácil. Tamén nos, as mulleres temos a culpa. Porque poucas veces protestamos. Pero desta volta era demasiado. Non podíamos botar ó lombo unha inxustiza así e quedar caladas cando estábamos a traballar, precisamente, nunha serie que tiña como tema central a problemática da discriminación de xénero, e como principal obxectivo, a concienciación para a erradicación das desigualdades.

Propuxémonos que a prensa se fixera eco da nosa situación e descubrimos que o que a nós nos pasara non era máis que a punta do iceberg. Só un feito sintomático da precariedade que vive o sector audiovisual en canto ás condicións laborais dos seus traballadores e, especialmente, das súas traballadoras. O informe publicado por CC. OO. no mes de maio deste ano descobre un sector audiovisual no que o persoal das televisións é maioritariamente masculino: 67 de cada 100 traballadores destas empresas son homes. Ademais, o 39% dos traballadores desenvolven a súa actividade baixo unha relación laboral precaria, e no caso das mulleres a porcentaxe de precariedade alcanza o 50%.

Ó escoitar estes datos, lembreime daquela vez na que fun chamada para traballar no departamento de guiión dunha serie de ficción para TVG, xunto con outros catro guionistas, todos homes. Recordo que me dixeron que eu era a cota feminina, que estaba alí para guiar ás personaxes femininas, para informarlles sobre cales serían as reaccións máis adecuadas nelas. Despois dunhas poucas sesións, un deles díxome que a miña colaboración non lles estaba servindo



para o que querían porque nas historias que eu propoñía, as mulleres non se comportaban como mulleres e non eran personaxes cribles. Era verdade. Non eran cribles, pero eran mulleres con o todo dereito a comportarse así.

Volvendo ó noso caso, a resposta da prensa ante a información que lle proporcionamos foi moderadamente boa e nos tamén quedamos satisfeitas coa nosa vitoria legal e mediática. Era o final dun amargo proceso, e tiñamos unha sensación de bacío solidario, porque pensabamos que a nós nos tocara caer intentando saltar a alamburada para que outras puideran chegar ó outro lado. Pero non foi así. As outras caeron atrás nosa. As dúas xornalistas que a produtora contratara para rematar o traballo que nós iniciamos, tamén foran despedidas, e non contentos con iso, ata a directora tiña quedado fora de xogo.

E como o proxecto era seu, o que fixo a produtora foi cambiarlle o nome e rexistrar o programa cun título distinto para evitar calquera denuncia xudicial.

A estas alturas xa tiñan caído cinco mulleres, unha atrás doutra, e moitas das entrevistadas (prostitutas coas que se chegara a un compromiso de distorsionar voces para non compromete-la súa identidade) estaban en perigo, porque a súa imaxe ía ser utilizada por persoas que tiñan demostrado carecer de escrúpulos. Ante este atropelo, as nosas esperanzas estaban postas na nova dirección que chegaría a TVG co cambio político. Despois de varias semanas de especulacións sobre quen sería o novo director, nas que so se escoitou un nome feminino, chegaron por fin os esperados nomeamentos: Nin unha soa muller á fronte dos principais departamentos da CRTVG.

Neste intre, temos solicitada unha entrevista para que nos reciba a dirección da TVG. Han coñece-lo que sucedeu, ata pode que nos escoiten e tomen medidas para parar esa produción ilegalmente xestionada a conta dos diñeiros públicos, pero eu sígome a preguntar... Cando chegue o momento de relatarlles isto, ¿como falarlles do patriarcado, como explicarlles a uns homes que mandan (na tele) o que fixo outro home que manda (na súa propia produtora e ademais na Asociación Galega de Produtoras Independentes, AGAPI, da que é presidente na actualidade)? ⁶




muller
e d e p



orte





Alpinistas: por riba das nubes

RAQUEL BARREIRO PAZ

O 20 de xullo de 2005 numerosos medios de comunicación facíanse eco do extraordinario logro deportivo que unha muller acababa de conseguir, un feito que sucede con escasa frecuencia. O nome desa muller é Edurne Pasaban e a súa fazaña coroar o Nanga Parbat, co que se converteu na única muller viva que lograba acadar o cume de oito oitomiles, é dicir, de oito das montañas máis altas da Terra, aquelas que superan os oito mil metros de altitude. A única muller que o conseguira antes de

Edurne foi a que para moitos ten sido a mellor escaladora de todos os tempos, Wanda Rutkiewicz, desaparecida en 1992 no Kangchenjunga, o seu noveno oitomil. Só un día despois de que Edurne acadara o cume, a escaladora austríaca, Gerlinde Kaltenbrunner, pisaba a cima do Gasherbrum II e igualaba así o récord da tolosarra.

A noticia dos éxitos destas escaladoras trinteneiras probablemente sorprendeu moita xente mais a realidade é que non son elas as únicas mulleres que practican con ex-

celente rendemento deportes que comportan un risco extremo e que requiren unha preparación física e psicolóxica extraordinaria, deportes considerados tradicionalmente como masculinos pola súa dureza e esixencia. Desde hai décadas houbo mulleres que, pasando máis ou

A pesar de que o alpinismo non se asocia habitualmente coas mulleres e da tendencia xeralizada de minusvalorar os logros deportivos femininos, sen saír do ámbito máis cercano atopámonos con deportistas que están demostrando ser capaces de acadar obxectivos moi ambiciosos. Ademais da xa mencionada Edurne Pasaban cabe destacar os nomes de Araceli Segarra e Chus Lago, tres españolas que fixeron cume no Everest [...]

menos desapercibidas, viaxaron polas maiores cordilleiras do planeta: os Alpes, o Himalaya, os Andes... Mesmo en épocas pasadas nas que a información dispoñíbel sobre estas rexións era moi escasa, algunhas mulleres en virtude de diferentes motivacións (exploración xeográfica, investigación científica, reto deportivo ou inquedaanza persoal), desenvolveron actividades en territorios cun acceso que comporta un importantísimo esforzo fisiolóxico, rexións de climatoloxía extrema e impredecíbel onde nin sequera hoxe en día a tecnoloxía pode garantir a supervivencia.

A pesar de que o alpinismo non se asocia habitualmente coas mulleres e da tendencia xeralizada de minusvalorar os logros deportivos femininos, sen saír do ámbito máis cercano atopámonos con deportistas que están demostrando ser capaces de acadar obxectivos moi ambiciosos. Ademais da xa mencionada Edurne Pasaban cabe destacar os nomes de Araceli Segarra e Chus Lago, tres españolas que fixeron cume no Everest, non necesariamente a máis importante das súas respectivas conquistas pero sen lugar a dúbidas unha das máis mediáticas.

Edurne Pasaban (Tolosa, 1973), ademais de ser unha das tres únicas mulleres que en toda a historia conseguiu coroar oito oitomiles, foi a primeira española que ascendeu con éxito ao K2, a segunda montaña máis alta do mundo e considerada a máis difícil e perigosa, onde sufriu graves conxela-

cións e estivo a piques de perder a vida. Somenten pasaron catro anos desde o seu primeiro oitomil, o Everest (ano 2001). Os dous últimos oitomiles: K2 (no 2004) e Nanga Parbat (no 2005), levounos adiante integrada nun equipo do programa de TVE *Al filo de lo imposible*. Á marxe da súa actividade deportiva, estudou enxeñería industrial e é propietaria dun restaurante no que traballa.

Araceli Segarra (Lleida, 1970) foi a primeira española que fixo cume no Everest (1996), esta expedición reportoulle unha grande popularidade xa que o obxectivo da expedición era a rodaxe da película *Everest* en formato IMAX, que se proxectou en numerosos países, mais a súa carreira deportiva comezara moito antes. No 1992 logrou o seu primeiro oitomil sen a axuda de osíxeno artificial, no Sisha Pangma. A última expedición que emprendeu no 2005 é outro oitomil, o Kangchenjunga. É probablemente a alpinista española máis coñecida porque ademais de coprotagonizar *Everest*, participou no documental *Women of K2* (2002), producido por National Geographic, ao que se engade, fóra do ámbito deportivo, o seu traballo como modelo. Aínda que é fisioterapeuta de profesión, as súas ocupacións laborais son moi diversas: traballa como presentadora de radio e televisión, dá charlas para directivos e mesmo cola-



Fotografía de Edurne Pasaban

borou como axudante de cámara na rodaxe de *Siete años en el Tibet*.

Chus Lago (Vigo, 1964) foi a primeira muller española e a terceira do mundo en escalar o Everest sen axuda de osíxeno artificial (1999) e ademais fixoo soa, coa única compañía dun *sherpa*.¹ Labrouse a pulso un extensísimo currículo: escalou por todo o mundo: Monte Kenya (1989), Andes bolivianos (1990) e desde o ano 1991 no Himalaia.

¹ *Sherpa*: habitante da fronteira entre O Nepal e O Tíbet que lles serve de guía ás expedicións de alpinistas que procuran o cume do Himalaia.



Araceli Segarra (Lleida, 1970) foi a primeira española que fixo cume no Everest (1996), esta expedición reportoulle unha grande popularidade xa que o obxectivo da expedición era a rodaxe da película «Everest» en formato IMAX, que se proxectou en numerosos países, mais a súa carreira deportiva comezara moito antes



Se as dificultades ás que debe enfrontarse calquera escalador que decide emprender unha grande expedición, son arduas (entrenamento extremadamente esixente, loxística complicada, búsqueda de financiación, etc.), no caso dunha muller ditas dificultades poden chegar a ser abrumadoras. Teñen que vencer o escepticismo dos posibles patrocinadores (nin sequera as tres extraordinarias escaladoras mencionadas poden permitirse vivir deste deporte), dos medios de comunicación e a desconfianza dos compañeiros varóns de expedición – polo xeral pouco dispostos a permitir que sexa unha muller quen

tome as decisións ou a crer nas posibilidades reais delas de alcanzar os seus obxectivos—. Estas dificultades convértense a miúdo en obstáculos insalvábeis. Cando vemos a foto dunha escaladora no cume sobre un branco mar de nubes, axitando sorrinte e exhausta unha bandeira, estamos vendo no só unha fazaña deportiva, senón tamén o froito de longos e duros anos de preparación, dunha enorme constancia e unha vontade firme que lle permitiron vencer un sinnúmero de adversidades entre as que os condicionantes sociais teñen un peso considerábel.

Algunhas escaladoras, por iso, deciden viaxar soas ou ben en expedicións moi reducidas nas que elas poidan con-

En 1997 conquistou o seu primeiro oitomil, o Cho Oyu. Tras co-roar os cinco picos máis altos da antiga URSS, logrou o título de Leopardo das Neves (2004). Foi a primeira muller que acadou a cima do Macizo Vinson, na Antártida, en solitario (2004). Durante moitos anos combinou a escalada coa súa profesión, monitora de aeróbic. É autora de dous libros: *Everest, fuera de la Tierra* (Laverde, 2000) e *Una mujer en la cumbre* (Plaza y Janés, 2004).



Fotografías do lateral superior esquerdo da páxina pertencentes a alpinista Wanda Rutkiewicz, lateral inferior dereito, a Chantal Mouduit

Páxina seguinte, fotografía de Edurne Pasaban

trolar todos os detalles e non depender de ninguén máis. Outras organizan expedicións integradas exclusivamente por mulleres: é o caso das escaladoras catalás que en 2001 organizaron a expedición «Dones al Shisha Pangma»; dispostas a demostrar ata onde eran capaces de chegar por si mesmas e que non precisaban ser protexidas, formaron un equipo de mulleres exclusivamente, persoal auxiliar, cociñeiras e sherpas incluídas. A esta iniciativa seguiu en 2004 «Dones a l'Everest». Estas *dones*, conscientes de que poden ser un modelo a seguir, pretenden tamén animar as rapazas a practicar deporte e motivalas para que non abandonen a práctica do alpinismo ante as dificultades.

É posíbel que a percepción do alpinismo como un deporte masculino estea comezando a cambiar e é un feito que as escaladoras están comezando a despertar interese fóra dos medios especializados: a revista deportiva *El mundo del outdoor* ocupábase no seu primeiro nú-

Aínda tendo demostrado unha valía fóra de toda dúbida, resulta moi difícil que un escalador –e máis aínda unha escaladora– obteña recoñecemento e visibilidade e, como consecuencia, atope patrocinadores, sen os que é inviábel afrontar grandes retos

mero (marzo 2005) de Araceli Segarra e Edurne Pasaban, entre outras deportistas de alto nivel. A revista *Yo dona*, distribuída co diario *El Mundo* e dirixida a un público feminino, dedicou catro páxinas do seu número 30 (30 xullo 2005) a Edurne Pasaban. Xusto ao día seguinte *El País Semanal* publicaba unha extensa e interesante entrevista de Rosa Montero con Chus Lago.

Aínda tendo demostrado unha valía fóra de toda dúbida, resulta moi difícil que un escalador –e máis aínda unha escaladora– obteña recoñecemento e visibilidade e, como consecuencia, atope patrocinadores, sen os que é inviábel afrontar grandes retos. Con notábeis excepcións como *El Correo*, patrocinador de Edurne Pasaban, que levou a cabo un seguimento exemplar da súa aventura, os medios dan cabida, se cadra, ás imaxes espectaculares, aos triunfos e ás historias dramáticas ou heroicas, pero escasamente á información deportiva (fútbol aparte) que non se axuste a estes parámetros. A conquista de oitomiles vende, non obstante se valoran pouco as ascensións a montañas de menor altitude anque quizais sexan tecnicamente máis complicadas ou as expedicións que propoñen outro tipo de retos e que non implican bater un récord. Vende a suposta rivalidade entre Edurne Pasaban e Gerlinde Kaltenbrunner na súa hipotética carreira por ser a primeira muller en coroar os catorce oitomiles, pero hai moi pouca información sobre asuntos que nos interesan moito

máis, como a actualidade do deporte feminino.

O alpinismo é unha actividade que vai máis alá do estritamente deportivo; ten un compoñente de aventura e deporte pero tamén ten moito que ver co gusto polo desafío e coa superación dos propios límites, polo que chega mesmo a converterse nun modo de vida. Como explica quen o practica «non só é importante o lugar onde se chega, senón tamén –e moito– cómo se chega ata el». Araceli Segarra comentou, por exemplo, que non concede especial importancia á súa ascensión ao Everest xa que, dadas as condicións en que se fixo, en estilo clásico, con sherpas, cordas fixas e osíxeno artificial, non aporta nada.

Na actualidade a tecnoloxía permite aos alpinistas extremos dispor de materiais inimaxinábeis hai uns anos: os entrenamentos seguen pautas científicas, as expedicións contan con medios como GPS, ordenadores e teléfonos satélite, que fan posíbel algo tan valioso como recibir información meteorolóxica actualizada e estar en contacto co resto do mundo, sen embargo o factor humano continúa sendo fundamental para valorar riscos, para tomar decisións e, sobre todo, porque na orixe de cada desafío sempre hai un espírito inqueda, un impulso vitalista que ten moito que ver co inconformismo e cun afán de superación que leva a fixarse uns obxectivos cada vez máis altos, a ir cada vez máis lonxe en busca de novas fronteiras.





Chus Lago: *Una mujer en la cumbre*

Plaza y Janés, Barcelona, 2004.



Chus Lago, unha das mellores escaladoras actuais, leva a cabo dúas actividades mediante as que nos fai partícipes da súa actividade deportiva: dar charlas e escribir. Tras *Everest, fuera de la Tierra*, un diario pormenorizado da súa ascensión ao Everest en 1999, *Una mujer en la cumbre* é o seu segundo libro e probabelmente non será o último a vulgar polo gusto –pouco habitual entre deportistas– que a autora demostra pola escritura. Chus leva sempre, desde hai anos, un diario nas súas viaxes e iso nótase. Como ela di, «esquecer horrorízame máis do que esvarar por unha rampa de xeo cara o abismo, é como quedar sen parte dun mesmo» (p. 32), por iso adquiriu o costume de anotalo todo, de rexistrar cada detalle. Nótase neste libro a man dunha persoa afeita a escribir e tamén a pasar moito tempo soa, o que lle permite reflexionar e interiorizar as experiencias vividas en cada viaxe. O resultado é un relato escrito con soltura, interesante e ameno, a ratos poético e a ratos divertido, de lectura moi recomendábel para os amantes do deporte, do ar libre e das viaxes fóra dos camiños trillados.

Desde que Chus se iniciou no montañismo á idade de once anos no club Montañeros Celtas de Vigo xunto cos seus irmáns, transcorreron tres décadas ao longo das que non cesou na súa progresión, escalando por todo o mundo. *Una mujer en la cumbre* está composto por seis relatos independentes nos que narra as expedicións máis importantes que emprendeu entre 1989 e 2003: Perú, Kenya, Nepal, a terríbel experiencia do Pobeda (Kirguizistán), onde salvou a vida grazas á súa propia forza de vontade e á heroicidade do alpinista xeorxiano Merab Khabazi (falecido en accidente de montaña en xullo de 2005) e sobre todo o Everest, para a conquista do cal precisou varias acometidas ao longo de sete anos e culminou con éxito o 26 de maio de 1999 en compañía do *sherpa* Sandu.

Habilmente mestura o relato de cada viaxe con anécdotas, pensamentos, descrições da paisaxe, vivencias persoais e lembranzas de aventuras pasadas. Faino con humor e tamén con sensibilidade, deténdose en detalles en aparencia nimios, como a súa gratitude cara un alpinista que lle ofrece auga (un dos

bens máis prezados na alta montaña) dúas veces nun mesmo día, ou a sensación de volver a pisar a herba e sentir o cheiro da terra húmida despois de ter pasado semanas nos campamentos de altura, sen outra paisaxe que pedras e xeo arredor. Nun ton ás veces próximo á confianza, Chus vainos facendo partícipes dos seus temores e dúbidas e tamén das súas esperanzas, alegrías e satisfaccións. As fotografías contribúen a dar ao libro un certo ar de álbum de familia, de xeito que ao rematar a lectura temos a impresión de ter estado dalgunha maneira alí arriba, no Pamir, no Himalaya. Aínda que sen dúbida as persoas afeccionadas ao montañismo apreciarano en maior medida, non se trata dun libro técnico e non cómpre ter coñecementos de escalada para disfrutar coa súa lectura.

Chus non dramatiza nin resalta as dificultades; pola contra, como un día lle reprochou Gaspar Rosety, fai que a vida a oito mil metros pareza sinxela e natural, que non teña especial importancia chegar ata alí. Sen embargo non é unha suicida e ten moi presente que nesas condicións extremas a



cercanía da morte –propia e de seres próximos– é unha realidade que debe ser tida moi en conta. Son sobrecolledoras as páxinas en que describe a noite que se viu obrigada a pasar á intemperie no Pobeda, con síntomas de conxelación e deshidratada, soa a máis de sete mil metros de altura porque o esgotamento e o mal tempo lle impiden descender ata o campamento; consciente de que ten moi poucas probabilidades de sobrevivir ata a chegada da alba, chama por teléfono ao seu marido.

Non nos oculta Chus a cara menos espectacular das grandes aventuras, a dos desgustos cotiáns, aquilo que non se ve nas fotografías: as

lesións, a tarefa ingrata de buscar patrocinadores, a dura rutina de compaxinar entreno, traballo e vida persoal... Todo iso configura a historia dunha superación constante, dun tesón a toda proba.

Partidaria do estilo alpino, lixeiro e rápido, con expedicións moi reducidas e soamente o mínimo material imprescindible, Chus Lago, escaladora independente, non é unha cazadora de records nin unha coleccionista de oitomiles. Este libro non nos presenta, pois, unha heroína, senón unha persoa que ama profundamente o que fai e que é quen de transmitilo. Persoas coa actitude de Chus desmenten tópicos como que o Himala-

ya está condenado a converterse nunha especie de parque temático ou que no mundo actual no é posíbel emprender novos retos ou non hai lugar para a aventura. Porque, como ela mesma escribe reflexionando sobre as súas motivacións tras facer cume no Everest: «[...] as montañas eran como espellos xigantes onde un podía verse reflectido, representaban a dimensión do propio desafío humano. [...] a fin non estaba naquel cume nin estaría en ningún outro; vivir a montaña... esa era a fin» (p. 33). **6**

NADA NOS INTERESA
MÁIS QUE O GALEGO.
NIGUÉN NOS INTERESA
MÁIS CA TI

ASÓCIA-TE

A MESA POLA NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA
Campo do Cruceiro do Galo, 7 - 1º - 15705 Santiago de Compostela - Telf 981 56 38.85 / www.amesanl.org

Nome:
Apelidos:
Enderezo:
C.P.: Localidade:
Telf:

Cuota anual: | 30,05 euros.
12,02 euros. Estudiantes e parados

Caixa/Banco Sucursal DC

c/c lo libreta de aforro

Nome da entidade:

Enderezo:

Entrevista a Teresa Portela

Teresa Portela (Aldán, Pontevedra), 22 anos,
Club de Mar Ría de Aldán

Teresa Portela é unha estrela mundial do piragüismo na modalidade de kaiak. Esta modalidade de embarcación lixeira, identifícase pola súa primeira inicial (K), acompañada do número de tripulantes, que poden ser unha, dúas ou catro (K-1, K-2, K-4). A palista ou o palista vai sentada/o e manexa o timón cos pés. Teresa reside no Centro de Tecnificación Deportiva de Pontevedra, entrena catro horas diarias. Despois do excelente resultado deste ano, ten como obxectivo prepararse en 500 metros, unha distancia na que cada día se atopa mellor. A súa ilusión está en conseguir unha medalla nas Olimpíadas de Beijín en 2008. Quedamos en Aldán. Paseamos polo peirao perto do club, cruzamos un parque. Algunhas crianzas están xogando, recoñécena e sinálana co dedo, os ollos como pratos: «é Teresa Portela...!»; ela ri cara á rapazada, para saudar algunhas veciñas. A estrela mundial ten un carácter alegre e sinxelo.



PALMARÉS:

- ▶ Medalla de ouro en K-1 200 metros, no Campionato do Mundo, Zagreb (Croacia), 2005.
- ▶ Medalla de prata en K-2 200 metros, no Campionato do Mundo, Zagreb (Croacia), 2005.
- ▶ Medalla de bronce en K-4 200 metros, no Campionato do Mundo, Zagreb (Croacia), 2005.
- ▶ Medalla de bronce en K-2 500 metros, no Campionato de Europa, Poznan (Polonia), 2004.
- ▶ Medalla de bronce en K-4 500 metros, no Campionato de Europa, Poznan (Polonia), 2004.
- ▶ Medalla de ouro en K-1 200 metros, no Campionato do Mundo, Gainesville, (Atlanta, Estados Unidos), 2003.
- ▶ Medalla de ouro en K-2 200 metros, no Campionato do Mundo, Gainesville, (Atlanta, Estados Unidos), 2003.
- ▶ Medalla de ouro en K-4 200 metros, no Campionato do Mundo, Gainesville, (Atlanta, Estados Unidos), 2003.
- ▶ Medalla de bronce en K-4 500 metros, no Campionato do Mundo, Gainesville, (Atlanta, Estados Unidos), 2003.
- ▶ Medalla de ouro en K-1 200 metros, no Campionato do Mundo, Sevilla, 2002.
- ▶ Medalla de bronce en K-4 500 metros, no Campionato do Mundo, Sevilla, 2002.
- ▶ Medalla de ouro en K-1 200 metros, no Campionato de Europa, Szeged (Hungría), 2002.
- ▶ Medalla de ouro en K-4 200 metros, no Campionato de Europa, Szeged (Hungría), 2002.
- ▶ Medalla de prata en K-4 500 metros, no Campionato de Europa, Szeged (Hungría), 2002.
- ▶ Medalla de bronce en K-4 500 metros, no Campionato do Mundo, Poznan (Polonia), 2001.
- ▶ Medalla de bronce en K-4 500 metros, no Campionato de Europa, Milán (Italia), 2001.
- ▶ Medalla de prata en K-1 500 metros, no Campionato de Europa Junior, Boulogne (Francia), 2000.

Que che enganhou, Teresa, do piragüismo cando comezaches a practicalo?

T. P. Comecei con 9 anos, o club quedaba xunto ao meu colexio, tiña o mar enfrente, vía todas as tardes a xente remando e a min gustábame moito a praia, a auga, así que pensei en probar, fun cunha amiga, as súas irmás xa o practicaban. Despois, para continuar nun deporte, inflúe moito o ambiente, no remo todos eramos amigos e pasabámolos moi ben, foi por isto que me foi gustando máis e máis.

A. Aos 18 anos, despois de marchar soa a Pontevedra con 14, decideste polo piragüismo profesional, xa vías que tiñas unhas determinadas aptitudes para este deporte, foi unha decisión difícil?

T. P. Non, xa dende os 9 anos ía a competicións a nivel galego e comecei a destacar e a subir ao podio, claro iso facíame ilusión, así que seguí adestrándome e con 14 anos chamáronme para o Centro de Tecnificación. A min gustábame, era duro prepararse, mais ao final obtiña recompensa. Aos 18 chamáronme para o equipo nacional, fun a Olimpíada de Sydney. O que se me facía difícil era estar fóra da casa, ese ano xa marchei para Sevilla e, aínda que estaba lonxe da familia e dos amigos, a recompensa era moi gratificante.

A. Supúxoche algún problema saber que cando o teu corpo comezara a desenvolverse ías ter unha musculatura que non casaría cos canons de beleza do corpo feminino?, de que maneira o viviches?

T. P. A verdade é que chegou un momento en que non só tiñamos que nos adestrar no mar, tiñamos que complementar o exercicio con carreira, con natación, con pesas... sabiamos que íamos desenvolver musculatura, niso inflúe tamén a xenética e a miña predisposme a ter musculatura a pouco exercicio que faga. A min non me supuxo ningún problema, pois era importante para o meu ben e para o meu deporte, mais si é certo que tiveron compañeiras e amigas que se botaron atrás por este motivo.

Penso que a feminidade non ten que ver coa práctica dos deportes, pódese ser igual de coqueta ca unha moza que non practique ningún.

A. En que modalidade de kajak te sentes máis cómoda?

T. P. Remei en todas e en todas me adapto ben. Remar en barcos de equipo ten as súas particularidades, cómpre adaptarse a outra ou outras persoas, unha non pode remar ao seu aire, hai que traba-

llar en conxunto para obter o mellor resultado. No K-1 200 fun campiona do mundo dúas veces e gústame moitísimo, tamén o K-1 500, creo que son as que máis me gustan.

A. Cando traballas no K-4 cal é a túa función, tes sempre a mesma posición ou varias?

T. P. Remei de última, no cuarto posto, aí cómpre seguir o ritmo, por descontado, e manter a estabilidade do barco. Fun tamén este ano no posto terceiro, neste, ademais de manter o acoplamento e

Penso que a feminidade non ten que ver coa práctica dos deportes, pódese ser igual de coqueta ca unha moza que non practique ningún



a estabilidade, hai que remar con moita forza. De marca fun algunhas veces, hai anos xa, consiste en marcar o ritmo do paleo pensando en que todas as compañeiras vaian cómodas. Unhas posicións son máis complicadas ca outras, mais poden ir ben en todas.

A. As mulleres non poden competir en canoa, a que cres que se debe, hai algunha cuestión física?, non hai mozas que queiran dedicarse á canoa?

T. P. Pois a verdade non sei a que se debe... Habitualmente adúcese que a canoa supón un exercicio asimétrico, só se rema por unha banda e polo tanto desenvólvese máis unha parte do corpo cá outra, en cambio no kaiak se rema polas dúas bandas. Así que parece que é por unha cuestión estética; mesmo escoitei que con ese exercicio as mulleres poderían ter dificultades para a maternidade.

A. Vaia unha lenda! E por esa razón da asimetría, tampouco podería haber lanzadoras de martelo nin de xavelina nin tenistas..., non che parece?

T. P. Si, vaia lenda... Certo!, pois non sei, eu era unha nena, dixéronme que kaiak e tocou kaiak... tampouco pensei máis niso.

Agora en Canadá, que é o país de orixe da canoa, están facendo equipos de mozas, no campionato do mundo tiveron lugar unhas exhibicións de mulleres remando en canoa, competindo entre elas e entre países para reclamar a incorporación das mulleres a esta modalidade.

En Alemaña hai unha piragüista que ten 42 ou 43 anos, deixouno durante un tempo, tivo os fillos e agora segue competindo. O ano pasado na Olimpíada participaba en K-2 coa súa sobriña e quedaron subcampionas.

A. Que atrancos atopaches como muller deportista de elite?

T. P. Sinceramente creo que ningún. Nunca atopei ningunha diferenza nin á hora de cobrar, nin no nivel de esixencia. Hai unhas probas e unhas marcas ás que hai que chegar, tanto para eles como para nosoutras.

A. Como ves o tratamento informativo das especialidades deportivas femininas, o feito de calquera persoa que non teña interese no deporte saiba quen é Fernando Alonso, Ronaldo, Miguel Induráin..., mais non lle soe de nada unha ciclista cun palmarés como o que ten Joane Somarriba?

T. P. A verdade é que non reflexionei sobre isto, pero é certo, por unha banda hai deportes que moven máis xente, aínda que na tele non transmiten gran variedade de competicións deportivas e por iso o público só coñece a uns cantos deportistas das especialidades que máis cobren os medios, por outra banda si que se coñece menos as mulleres deportistas. Non sei a que se debe, pensareino esta noite [risas].

A. Que plans tes para o futuro, para cando deixes de competir?

T. P. A verdade é que penso seguir competindo o máximo posíbel, é unha etapa que acabará, no piragüismo aos 28 anos estase na mellor idade, é factíbel chegar ata os 32 competindo, intentarei chegar aí, sempre que libre de lesións importantes e que consiga manter a cabeza fría, polo que comentabamos, polas concentracións, porque desequilibra moito estar viaxando de aquí para alá...





A preocupación principal é que facer cando remate o tempo de competir, en que traballar. A xente dos meus anos xa levará tempo traballando, sacaramo moita vantaxe cando eu deixe o piragüismo profesional; quedamos máis que tirados [...]

Non se pode ir co neno de acá para alá. No equipo temos un compañeiro que ten tres fillos, mais non é o mesmo para eles.

Estou facendo Maxisterio, na especialidade de Educación Física, teño que levalo con calma, non podo ir a clase, só me presento aos exames, nin podo sacar curso por ano. Con todo, quero rematar e dedicarme ao ensino, aínda que quen sabe que acabarei facendo, porque ás veces estudas unha especialidade e despois tes un traballo que non garda relación algunha. Tamén queredo formar unha familia.

A. De momento a competición dificulta un pouco a túa vida familiar e as túas relacións afectivas, non, si?

T. P. Si, claro. No equipo hai xente casada e con fillos, mais son homes, eles poden seguir, en cambio as mulleres... coñezo a dúas, Ana Penas e Belén Sánchez, que deixaron a competición arredor dos 30 anos e despois tiveron os fillos.

A. Non hai mulleres competindo que sexan nais?

T. P. En España non. En Alemania hai unha piragüista que ten 42 ou 43 anos, deixouno durante un tempo, tivo os fillos e agora segue competindo. O ano pasado na Olimpíada participaba en K-2 coa súa sobriña e quedaron subcampionas. Hai tamén unha italiana que deixou de competir, tivo dous fillos, o último con 37 anos e nun par de meses xa se estaba preparando de novo, tamén quedou subcampiona olímpica en K-1. Mais estas mulleres levan moito adestramento no corpo, non é o mesmo deixar de adestrarse un ano aos 20 que aos trinta e pico.

A. O nivel de estudos entre mozos e mozas do equipo de piragüismo é parello? O teu caso é o habitual?

T. P. No equipo nacional os mozos non están facendo carreiras; agás un que estuda Dereito, practicamente todos están preparando oposicións para o corpo da Policía Nacional. As mozas si estudamos, tres estamos facendo Maxisterio, dúas Dereito...

A preocupación principal é que facer cando remate o tempo de competir, en que traballar. A xente dos meus anos xa levará tempo traballando, sacaramo moita vantaxe cando eu deixe o piragüismo profesional; quedamos máis que tirados, cando me pidan o currículo, que fago? «Son campiona do mundo», diranme «parabéns!, e experiencia?».

A. Claro, isto é un serio problema, a cuantía das bolsas ADO ou dos premios que recibides non vos dá para xubilarvos como nos casos dos e das tenistas profesionais ou do fútbol masculino do mesmo nivel, eses deportistas, se queren, poden non traballar nunca máis...

T. P. Pois non, a nós, como moito, dános para un ano sabático. Aínda por riba non cotizamos á Seguridade Social. Preocúpanos moito o futuro. ☞

Mulleres e deportes

Comisión Mujer y Deporte do Comité Olímpico Internacional

http://www.olympic.org/uk/organisation/commissions/women/index_uk.asp

Nos primeiros xogos olímpicos da era moderna (1896) non participaron mulleres, comezaron facelo en 1900 e dende entón non cesou de aumentar a súa presenza, alcanzando en Atenas 2004 a meirande participación da historia (44,9% do total dos deportistas eran mulleres, fronte ao 3,5 % de 1990).

O Comité Olímpico Internacional creou en 1995 o grupo de traballo Mujer y Deporte, posteriormente emendou a carta olímpica para facer constar o seu compromiso en favor da igualdade entre homes e mulleres. O grupo de traballo converteuse en 2004 nunha comisión olímpica que ten o obxectivo de promover a participación da muller no deporte a todos os niveis, como practicantes e tamén como membros das diversas organizacións.

A Web, bastante reducida, contén algúns documentos de gran interese, en particular os que fan a análise da participación das mulleres, como diversas estatísticas e un completo informe de 134 páxinas, *Women Participation at the Games of the XXVIII Olympiad*.

Idiomas: inglés, francés.

- <http://www.mujerydeporte.org/>
- http://www.mulheresdesporto.org.pt/q_somos.htm
- <http://www.iwg-gti.org/e/index.htm>
- <http://www.feminist.org/sports/>
- <http://www.wsf.org.uk/>



Algunhas mulleres **DEPORTISTAS**

Algunhas deportistas son abondo coñecidas, mais non polos seus méritos deportivos precisamente (Kournikova, Sharapova...). Porén só as persoas afeccionadas ao deporte poderían recoñecer a cara dalgunhas das moitas extraordinarias atletas, por poñer algúns exemplos:

Paula Radcliffe. En 2003 pulverizou a marca feminina na proba de maratón deixándoa en 2:15:25, un tempo incrivelmente próximo (talvez o máis próximo en toda a historia) á marca masculina (Paul Tergat, 2:04:55). Aínda ninguén foi capaz de superala.

Yelena Isinbayeva. Acadou varias veces este ano o *record* feminino de salto con pértiga ata deixalo (por agora) en 5,01 m. Ata non hai moitos anos o salto con pértiga considerábase pouco axeitado para as mulleres.

Maria Mutola. A veterana atleta mozambiqueña que o gañou todo.

Os ídolos chegan a selo polos seus propios méritos, mais tamén porque os medios de comunicación e os intereses comerciais os upan. Sen visibilidade non hai modelos. Algúns deportistas (David Beckham, Pau Gasol, Fernando Alonso, Dani Pedrosa, Rafa Nadal) son ídolos para ambos os dous sexos, homes e mulleres aclámanos. Podemos imaxinar a unha muller ocupando ese lugar? Existen sequera produtos publicitarios para maior gloria dalgunha deportista, ademais de Navratilova? Se non se nos ocorren máis exemplos, temos a proba de que é a excepción.

Queda moito por facer, **algúns aspectos para reflexión:**

- ▶ Vese con frecuencia homes que arbitran ou adestran mulleres ou equipos femininos, por que non ocorre á inversa?
- ▶ No deporte afeccionado moitas rapazas abandonan a práctica deportiva na adolescencia
- ▶ Unha elevada porcentaxe de mulleres adultas carece da educación física elemental básica para a súa saúde

Falsas crenzas:

- ▶ O deporte feminino é pouco espectacular ou de baixo nivel
- ▶ Algúns deportes son máis axeitados para os homes, outros, para as mulleres
- ▶ A práctica deportiva masculiniza as mulleres




Joane Somarriba (Biskaia, 1972). Ciclismo



Premio Reina Sofia 2003.
Medalla de ouro da Real Orden al Mérito Deportivo.
Participa nas Olimpíadas de Sydney 2000 e Atenas 2004.
Gañadora do Tour de Francia en 2000, 2001 e 2003.
Gañadora do Giro de Italia en 1999 e 2000.
Campiona do mundo CRI (contrarreloxo individual) en 2003.
Subcampiona do mundo CRI (contrarreloxo individual) en 2005.
Retírase da competición en 2005.

Gemma Mengual (Barcelona, 1977). Natación sincronizada



Medalla de prata da Real Orden al Mérito Deportivo.
Participa nas Olimpíadas de Sydney 2000 e Atenas 2004.
Medalla de bronce en sincronizada no Campionato do Mundo (2005)
Medalla de bronce en individual no Campionato do Mundo (2005)
Tres medallas (ouro, prata e bronce) no Campionato de Europa (2004).
Tres medallas (prata e dous bronces) en individual e un cuarto posto por equipos no Campionato do Mundo (2003).
Dúas medallas de prata no Campionato de Europa (2002).
<http://www.gemmamengual.com>

Paola Tirados (Las Palmas de Gran Canaria, 1980). Natación sincronizada



Medalla de bronce da Real Orden al Mérito Deportivo.
Participa nas Olimpíadas de Sydney 2000 e Atenas 2004.
Medalla de bronce en sincronizada no Campionato do Mundo (2005)
Dúas medallas (ouro e prata) no Campionato de Europa (2004).
Dúas medallas (prata e bronce) en individual e un cuarto posto por equipos no Campionato do Mundo (2003).
Dúas medallas no Campionato de Europa (2002).

Algunhas deportistas de especialidades... «pouco femininas»?

Marga Fullana (San Lorenzo, Baleares, 1972). BTT (bicicletas todo terreo)



Medalla de ouro da Real Orden al Mérito Deportivo
Participa nas Olimpíadas de Sydney, 2000 e Atenas, 2004
Campiona de España (2005)
Medalla de bronce no Campionato de Europa (2005)
Dúas medallas (bronce) no Campionato de Europa (2003)
Medalla de bronce na Copa do Mundo (2001 e 2002)
Medalla de bronce nos Olimpíadas de Sydney (2000)
Campiona do mundo (1999 e 2000)
Medalla de bronce no Campionato do Mundo (1998)
<http://www.margafullana.com/>

Pilar Hidalgo (Santiago, 1979). Triatlón



Participa nas Olimpíadas de Atenas, 2004.
Medalla de prata no Campionato do Mundo (2004)
Medalla de bronce Campionato de Europa (2004).
Campiona de España (2004)
Campiona de España (2003).
Campiona do mundo sub-23 (2002), subcampiona de Europa sub-23 (2000).
Campiona do mundo de acuatlón (2002).

Ana Burgos (Madrid, 1967). Triatlón



Medalla de bronce da Real Orden al Mérito Deportivo
Participa nas Olimpíadas Atenas, 2004
Subcampiona de Europa (2005)
Campiona de España (2005)
Campiona de Europa (2004)
Campiona de Europa (2003)
Subcampiona do mundo de larga distancia (2003)

Isabel Fernández (Alicante, 1972). Judo




Medalla de ouro e prata da Real Orden al Mérito Deportivo.
Participa nas Olimpíadas de Atlanta, 1996, Sydney, 2000 e Atenas, 2004.
Medalla de bronce no Campionato de Europa (2005)
Medalla de ouro nos Xogos Mediterráneos (2005)
Medalla de ouro en Sydney (2000)


Josune Bereziartu (Lazkao, Guipuzkoa, 1972). Escalada



Escalou por todo o mundo e leva varios anos ao máximo nivel, moi próximo ao dos homes. En 2004 e 2005 está tendo un rendemento espectacular.
O 29 de outubro de 2002 escribiu unha páxina na historia da escalada mundial, fixo realidade o seu soño de superar a marca do mundo feminino, ao ascender en Suíza a vía Bain du Sang, de dificultade 9a. Polo de agora segue a ser a única muller do mundo que conseguiu encadear un 9a. En 2004 encadeou outro e en 2005, o seu primeiro 9a/+ e tamén o primeiro do mundo para unha muller. Encadeou tres 8b a vista (2004 e 2005).
<http://www.josunebereziartu.com>

Laia Sanz (Corbera de Llobregat, Barcelona, 1985). Trial



Jutta Kleinsmidt, a alemána que gañou o rally París-Dakar, demostrou que os deportes de motor non son patrimonio exclusivo dos homes. Con só 20 anos, Laia Sanz foi seis veces consecutivas (2000-2005) campiona do mundo de trial, catro (2002-2005), campiona de Europa e dúas subcampiona de Europa (2000-2001).
<http://www.laiasanz.com/principal.htm> 

No Estado Español o fútbol é o deporte rei, esta é unha afirmación que se repite a miúdo e sobre a que hai pouca discusión; é o deporte rei en tal medida que a cotío se tende a dar por suposto que é non só maioritario senón o único que existe ou o único que paga a pena. O certo é que se trata dun dos deportes máis practicados e o que maior interese esperta; son moitos os miles de persoas –na súa inmensa maioría homes– afeccionados a este deporte: existe infinidade de ligas e categorías, federadas ou non, de todas as idades, de empresas, de círculos, de veteranos, etc. É ademais o deporte escolar máis estendido e tamén o máis practicado a nivel popular, de xeito informal, tanto polos nenos como por xoves e adultos. Por riba dos clubs, a selección española de fútbol («a selección» por antonomasia), sobrevalorada moi por riba da seu non especialmente brillante currículo, suscita unha expectación que non xustifican os seus logros deportivos e consegue espertar vivos sentimentos de identificación e orgullo patrio.

Ao ser un deporte de masas é tamén o favorito de moitas persoas que non practican ningún, mais que son fieis seguidoras como espectadoras. A enorme expectación que xera o fútbol queda demostrada polas cifras de audiencia de TV e as cifras de asistencia a determinados encontros, así como polas alteracións que se producen no

sar de que un partido en PPV é máis caro ca unha entrada de cine.

O fútbol protagoniza en grande medida o ocio e esténdese cada vez a máis sectores; ao dos videoxogos (entre os máis populares atópanse ano tras ano diversos simuladores de fútbol) sumouse este verán o do cine, unha vía aínda sen explotar, coa estrea dunha longametraxe

Fútbol

tráfico nas grandes cidades cando miles de persoas se desprazan simultaneamente con motivo dun partido. Resulta tan atractivo que moitas persoas non só están dispostas a pagar un prezo considerable por unha entrada, senón tamén a pagar por ver un partido en TV, mesmo se é en diferido, a pe-

sobre o Real Madrid, *Real, a película*, unha gran película de paixóns sobre o Club que maiores emocións esperta ao longo do mundo» segundo dicía a nota de presentación.

Xa que «é o que interesa á xente», o fútbol goza dun predominio absoluto sobre calquera outro de-

porte nos medios de comunicación; protagoniza horas e horas de transmisións televisivas, adóncanselle a cotío longuísimos programas de radio e un considerábel número de páxinas en todos os xornais, non só nos deportivos, nun exceso de oferta que ameaza

contra-declaracións sen a menor transcendencia (o modo de celebración dos goles por parte de determinados xogadores foi recentemente motivo de discusión), polémicas intencionadamente creadas, debates sobre frases sacadas de contexto, etc. É dicir, que moi

ca, por exemplo, a alteración da programación de TV, o cambio de hora de emisión dos informativos ou a redución da súa duración ao mínimo. Por tanto, cabe preguntarse se non é tramposo o argumento de que o fútbol «é o que a xente quere ver», xa que non hai alternativa. É evidente que interesa a millóns de espectadores pero o é máis que a quen interesa sobre todo é ao enorme e complexo entramado de intereses económicos que o sustenta e que fai todo o posíbel por que continúe sendo así. Cuestións deportivas á marxe, o fútbol converteuse nun grande mercado, nun xigantesco negocio con normas de capitalismo salvaxe:

Xa que «é o que interesa á xente», o fútbol goza dun predominio absoluto sobre calquera outro deporte nos medios de comunicación; [...] boa parte do que se nos presenta como información non é máis que rumoroloxía [...]



► As diferenzas entre os clubs de maior e menor presuposto son abismais e levan camiño de ser insalvábeis.

► É un círculo vicioso: os grandes poden permitirse os mellores (máis caros) e máis mediáticas fichaxes e reciben os maiores ingresos por publicidade e *merchandising*. Os primeiros comercializan todo tipo de produtos coa súa marca, que van desde roupa e reloxos ata produtos de aseo e comida. Real Madrid e Barcelona posúen as súas propias canles de TV.

► Os grandes clubs que manexan presupostos multimillonarios acumulan asimesmo multimillonarias débedas nunha espiral ascendente, pero toléranselle manobras contábeis prohibidas para outro tipo de empresas.

► Os xogadores estrela cobran soldos desorbitados (como comentou Gemma Mengual, subcampio- na mundial en xullo de 2005, entre divertida e resignada, todas as nadadoras de sincronizada do mundo non gañan o que un deles), aos que se suman os cuantiosos ingresos que reciben a cambio de múltiples patrocinios publicitarios. Un indicio do desquiciamento a que se chegou é unha das máis recentes

coa saturación. Mais, hai realmente contidos para encher tanto espazo? É tanta a información que se xera? Non é necesario examinalo moi a fondo para comprobar que boa parte do que se nos presenta como información non é máis que rumoroloxía, comentarios con escaso fundamento, declaracións e

a miúdo a chamada información deportiva non é en realidade nin información nin trata sobre deporte. Por outra parte, concédese ao fútbol unha relevancia desproporcionada en comparación con outros deportes ou entretementos: a retransmisión de partidos considerados «de interese xeral» xustifi-

[...] como comentou Gemma Mengual, subcampiona mundial en xullo de 2005, entre divertida e resignada, todas as nadadoras de sincronizada do mundo non gañan o que un deles [...]



Fotografía da futbolista Ximena Manzano



Fotografía da futbolista Farmerou

operacións publicitarias da marca deportiva Nike: as botas de pel branca feitas a medida para Ronaldinho con apliques de ouro de 24 quilates. Máis que deportistas, algúns deles son personaxes da vida social e xogadores como David Beckham convertéronse habilmente nunha marca comercial por si mesmos e nunha icona. Pese a todo, os xogadores son cosificados: considéraselle mercadoría que se compra (previo exame minucioso), se vende, se cede en aluguer, se traspasa... pero ás veces se *rompe*, unha palabra que se utiliza con frecuencia para referirse aos lesionados. Posto que é imprescindible rentabilizar as inversións, acelérase a recuperación das lesións ata extremos prexudiciais para a saúde do xogador, ou ben fórzaselle a xogar en condicións que non son as óptimas, co consecuente risco de que as lesións pasen a converterse en crónicas.

Ao anterior engádesse unha serie de cuestións preocupantes:

► Sen ser os que máis abundan, non son tampouco estraños entre os afeccionados ao fútbol os comportamentos irracionais que chegan ao fanatismo. É así a actitude de quen considera que pertencer a un equipo significa por definición ser oposto acérrimo doutro (Celta e Deportivo, Real Madrid e Barcelona, Sevilla e Betis), a quen é léxítimo prexudicar por todos os medios; unha rivalidade que algúns levan ao extremo de desprezar ou odiar canto proceda da cidade inimiga aínda que non teña que ver co fútbol.

► Algúns clubs toleran e ata favorecen (a permisividade do Real Madrid cara os Ultra Sur é un dos casos máis coñecidos) manifestacións racistas, xenófobas e fascistas nos seus estadios e non toman medidas tallantes fronte á violencia tanto cometida por futbolistas (dar patadas, insultar ou cuspir ao

contrario, non é infrecuente) como por espectadores. Posto que o propio seleccionador nacional continúa no seu posto tras ter feito en público declaracións racistas, non parece que exista vontade de pór fin a este problema.

► O esperpéntico Jesús Gil, xa falecido, foi un excelente exemplo de como un personaxe alleo ao mundo do deporte pode acceder ao poder, gozar de gran eco mediático e apoio económico e impulsarse nesta base para fundar un partido político e acadar a alcaldía de varios municipios, protexido e aclamado por miles de seguidores. Aínda que este caso pertenza ao pasado, as inqedantes maneiras populistas que apunta máis dun, fan aconsellábel que non o esquezamos.

Non hai nada que obxectar ao fútbol, si hai e moito a *este* fútbol, como a calquera outro deporte entendido desta maneira:

► Igual que sucede noutro tipo de empresas, os clubs buscan a toda costa o éxito inmediato, polo que se inviste grandes sumas de diñeiro en fichaxes estrela, mentres se descoidan as escolas (son contados os casos en que os xogadores da canteira chegan ao primeiro equipo), os equipos xuvenís e filiais e as demais seccións deportivas, por tanto é moi pouco o que se fai a favor do deporte de base. Paradoxalmente se contrata xogadores cada vez máis novos, adolescentes e nenos que teñen calidades para ser futuras estrelas, bloqueando os seus contratos para evitar que fichchen por outros clubs. Perseguido ese soño, eses nenos abandonan a súa cidade (ou o seu país e a súa cultura: os que andan a busca non descoidan o rico mercado brasileiro e africano) e o seu entorno familiar e social e deciden prematuramente o seu futuro.

► As fichaxes multimillonarias son a miúdo rapaces moi novos que aínda non remataron os estudos básicos (xogadores como Iker Casillas interromperon o bacharelato para dedicarse profesionalmente ao fútbol) e carecen de calquera clase de formación, algúns mesmo a desprezan. Son percibidos coma ídolos por moitos rapaces xoves porque teñen a súa mesma idade, posúen coches caros, conséteselles todo, gozan de protagonismo e son presentados constantemente coma triunfadores, como modelos. Sen embargo son ídolos que se crean e se destrúen con rapidez.

► A omnipresenza do fútbol nos medios fai que apenas quede espazo para outros deportes aínda

anos, a maioría das mulleres e homes consideran a súa práctica máis apropiada para os segundos, que amosan tamén un interese considerabelmente maior como espectadores. Sen embargo tamén as mulleres xogan ao fútbol (a RFEF dá a sorprendente cifra de 40 millóns de mulleres futbolistas federadas en todo o mundo, fronte a 120 millóns de homes; aínda que son datos de hai uns cantos anos, non deixan de ser significativos) e –algo que moitos e moitas ignoran– o fútbol feminino é deporte olímpico desde Atlanta 1996. Curiosamente, un dos países onde está máis desenvolvido o fútbol feminino é EE. UU. onde é común a súa práctica nas universidades, mentres que a modalidade masculina ten en cambio escasa

categorías, unha cuestión que –máis alá da anécdota e das inevitábeis referencias á película *Quiero ser como Beckham*– xerou un certo debate e serviu para chamar a atención sobre o feito de que hai mulleres que xogan ao fútbol e toman a súa afección en serio. Ademais de haber xogadoras, hai mulleres que optan por exercer como adestradoras ou árbitras. Aínda que estamos moi lonxe de acadar unha situación de normalidade con respecto ao fútbol masculino, pouco a pouco se están a dar pequenos pasos na dirección correcta. Sen lugar a dúbidas un deles é o decido o pasado mes de agosto pola comisión de festas de Cequelíños (Arbo), composta integramente por mulleres, que organizou un

Coa inestimábel axuda dos medios de comunicación que teñen un papel de sobra coñecido como consolidadores dos roles de xénero, o fútbol continúa a ser en España o deporte masculino por excelencia

que estes sexan máis rápidos esixentes ou espectaculares e neles interveñan deportistas españois con excelentes resultados a nivel europeo ou mesmo mundial. A existencia doutros deportes e outros modelos deportivos posíbeis pasa desapercibida ou ben queda minimizada a súa importancia, como sucede en especial coas mulleres deportistas. A consecuencia é que o modelo de deportista que se está a ofrecer masivamente é moi parcial e non se axusta á realidade.

Coa inestimábel axuda dos medios de comunicación que teñen un papel de sobra coñecido como consolidadores dos roles de xénero, o fútbol continúa a ser en España o deporte masculino por excelencia. De acordo con diversos estudos levados a cabo nos últimos

aceptación. En España fixo falta que chegase a futbolista Milene Domingues (daquela esposa do tamén xogador brasileiro Ronaldo) para que moitos visen por primeira vez unha muller xogando ao fútbol, algo que probablemente non tería sucedido de non ser a muller dun futbolista famoso e multimillonario.

Nun ámbito moito máis modesto, recentemente foi noticia (*Marca*, 11-10-05) unha moza futbolista andaluza, Virginia Jiménez, por ser a primeira muller en xogar nunha liga oficial masculina en virtude dun cambio no regulamento aprobado pola Federación Andaluza de Fútbol que permite ás mulleres desta comunidade xogar en equipos mixtos en determinadas



partido de fútbol feminino con motivo das festas parroquiais (*A Nosa Terra*, núm. 1189, 24-10-05). Teña ou non continuidade a iniciativa, o que sen dúbida si ten é un valor simbólico incuestionábel. 6

Querida os escritores e

Oh minha mae, minha mae!
Oh minha mae, minha amada!
Quem tem uma mae tem tudo,
Quem nao tem mae nao tem nada.

 PATRICIA ARIAS CHACHERO

Con todo o que se ten falado das relacións materno-filiais, unha non deixa de se sorprenden cando comproba como as máis consagradas figuras da literatura mundial deixaron simpáticas mostras dun «enmadramento epistolar» en verdade digno de ser comentado.

Así é relativamente fácil ler como Antoine de Saint-Exupéry escribe desde París á súa nai fermosas cartas cheas de afectividade. Decora estes textos cuns pequenos debuxos que anuncian ao escritor

que foi quen de contar a historia dun cativo namorado dunha rosa.

Na correspondencia que manteñen durante a Segunda Guerra



Antoine de Saint-Exupéry

Mundial non dubida: «Querida mamá, Didi, Pierre, a vós que certamente vos quero desde o fondo do meu corazón. Que é de vós? como estades? como vivides? que pensades? É realmente triste este longo inverno», continua «Sen embargo eu agardo estar nos vosos brazos nuns meses, miña mamaciña, miña vella mamá, miña tenra mamá...». Un ano despois desapareceu en combate.

Fermosas palabras embelecidas aínda máis polo contexto. A re-

ceptora era unha muller, unha nai, a nai dun home de 43 anos. Tanto ten a idade. Del e para ela sempre o infantil e sonoro nome: mamá.

Tamén desde París escribe Flaubert. Breve texto no que o autor da polémica e adúltera *Madame Bovary* dille á que foi súa nai: «abrázote con todo o meu corazón cheo de ti. Mil caricias». Semella frase máis ben adecuada para a protagonista namorada dunha das súas novelas.

cialmente aceptado. Antes de publicar os seus primeiros poemas escribe delicadas cartas en verso, a destinataria, como non! Súa nai.

Continuemos o noso percorrido. O ano en que Baudelaire publica *Les fleurs du mal* (1857) vén coincidir co ano en que morría o seu padrasto, o xeneral Jacques Aupick con quen a súa nai casara cando o pequeno Charles tiña só 7 anos.

mamá... a súa correspondencia



Gustave Flaubert

Claro que etimoloxicamente namorado vén ser quen «sente amor». As fronteiras son sempre sutís.

Máis abrazos maternos... «A chama dunha lámpada treme. O mar susurra. Todo está calmo... Comezo por abrazarte mil veces. Despois o relato da miña viaxe». Agora é Jean Cocteau, apenas ten 17 anos e acabará sendo vangardista so-

[...] o autor da polémica e adúltera «*Madame Bovary*» dille á que foi súa nai: «abrázote con todo o meu corazón cheo de ti. Mil caricias». Semella frase máis ben adecuada para a protagonista namorada dunha das súas novelas. Claro que etimoloxicamente namorado vén ser quen «sente amor». As fronteiras son sempre sutís

A relación entre o xeneral e o poeta nunca foi boa.

Con 21 anos Baudelaire malgasta a herdanza paterna nun París onde contraerá a sífilis que o marcará de por vida. O enérxico Aupick tenta afastalo desta vida desordenada enviándoo á India, lugar que nunca chega a pisar. Dous anos despois a familia logra inhabilitalo e sometelo a consello xudicial, o seu diñeiro será administrado a partir daquel momento polo fero padrasto.

Durante a revolución de 1848 Charles Baudelaire incitou inutil-

mente ao pobo para que fusilasen ao xeneral Aupick.

Co consabido «querida mamá» encabezaba o controvertido poeta as cartas que a partir da morte do xeneral lle dirixe á súa cada vez máis desenganada nai. Uns textos nos que sae a relucir o medo que el sempre lle inspirou, unhas cartas nas que ao lado dun «ti xamais me apreciaches nin coñeciches» atopamos un «ameite apaixonadamente na miña infancia» ou un «teño necesidade de ser salvado e só ti me podes salvar».



[...] «ti xamais me apreciaches
niñ coñeciches» atopamos un
«ameite apaixonadamente na miña
infancia» ou un «teño necesidade
de ser salvado e só ti me podes
salvar»

Charles Baudelaire

Apenas recoñecemos nestas palabras ao eterno rebelde e inconformista, o xenio transgresor móstrase uterinamente xunguido á muller que lle deu a vida. Non podemos deixar de sentir que resulta realmente complexo xustificar determinadas dependencias, sobre todo cando un xa ten cumprido os 40 anos.

Curiosamente o poeta maldito morreu nos brazos da súa nai nun hospital de París (onde ela o ingresara) e foi soterrado no cemiterio de Montparnase xunto a tumba de Aupick a quen sempre odiou. Decidiuno ela?

O seu último texto manuscrito datado en Bruxelas en 1866 comezaba cun inevitábel «querida mamá».



Non menos particular foi a relación epistolar que o trinteneiro e afectado Marcel Proust mantén entre 1901 e 1904 coa súa tamén «querida mamá».

Longas cartas cheas de detalles a respecto de gastos, horarios, visitas e hábitos. Informes exhaustivos dunha doenza (asma) que desde neno o mantivo unido de maneira enfermiza á súa nai.

Tanto é así que en 1906, tras a morte dela, Proust decide pechase nun cuarto insonorizado. A cortiza será a partir de entón quen o protexa do mundo. Neste pequeno espazo durme de noite e escribe de día o grosso da súa obra. Usa uns pequenos cadernos especialmente pensados para escribir na cama. Pero deixemos aos franceses.


Henry James

[...] «moi querida mamá»: «É totalmente necesario que te escriba e te abrace aínda que teño medo de que non poidas contestarme até dentro dun tempo» e segue «Teño medo de que teñas sufrido moito co frío e agardo que o peor xa pasara»

«Non te amargues, non chores nin te inquietes coa idea de que non son un bo cristián. Si que son, tanto que todos os días fago as miñas oracións» [...]



Ernest Hemingway



William Faulkner



Ramón Otero Pedrayo

Henry James a quen en vida non se lle coñeceu compañía feminina e cuxas mulleres na ficción imitan a unha prima súa que morreu moi nova, dille á súa «moi querida mamá»: «É totalmente necesario que te escriba e te abrace aínda que teño medo de que non poidas contestarme até dentro dun tempo» e segue «Teño medo de que teñas sufrido moito co frío e agardo que o peor xa pasara». Ela nunca chegou a lelo, morreu ese mesmo día, corría o ano 1882. Os máis íntimos medos do escritor tíñanse feito realidade.

Hemingway e Faulkner tamén escriben ás súas nais. O primeiro nunha carta datada en 1918 xustifícase: «Non te amargues, non chores nin te inquietes coa idea de que non son un bo cristián. Si que son, tanto que todos os días fago as miñas oracións», despois é tallante: «pídoche que non empeces de novo a criticar aos meus mellores amigos».

Faulkner dille á súa «quérote máis que a nada no mundo»

Até agora o único que sentencia en negativo, que se opón. Non fagas. Intúese que con máis de 20 anos mantén aínda unha sorte de pulso umbilical, case como se o proceso de independencia adolescente aínda non estivese rematado. Intimidade difícil de conciliar coa coñecida imaxe do escritor bebedor e aventureiro.

Faulkner dille á súa «quérote máis que a nada no mundo». E quen non? Até agora todos están de acordo.

E xa aquí na terra, sirva de mostra un don Ramón Otero Pedrayo que mantén coa súa «querida maciña» (desta vez na lingua orixinal) unha relación a todas luces peculiar. Centos e centos de cartas, en moitas ocasións diarias dan testemuño durante máis de cincuenta anos dunha intimidade estreita e pechada.

Escribiuse Blanco Amor coa súa? E Curros Enríquez coa súa? Quen sabe... neste país esas cousas, como tantas outras, tardan en publicarse!

Parece pois que non importan nin a nacionalidade, nin a idade, nin a celebridade, nin por suposto a xenialidade... a última hora o certo é que detrás dun «home» hai sempre unha «mamá» e entre eles unha realidade (máis ou menos umbilical) que só eles son quen de comprender na súa totalidade. ☞

Fernando León de Aranoa

«Princesas da rúa»



Entrevista de Carmen Briz
(*Página Abierta*, 163, outubro de 2005)

O que segue é parte dunha entrevista feita a principios do xullo pasado a Fernando León de Aranoa, director de *Princesas* –cando estaba a dar os últimos retoques á súa película, antes da súa estrea– para *Cómo se rodó* (ou *making off*) *Princesas*.

Produtores: Fernando León de Aranoa e Jaume Roures

Guión e dirección: Fernando León de Aranoa

Protagonistas: Candela Peña (Caye) e Micaela Nevárez (Zulema)

Música: Alfonso de Villalonga e Manu Chao

Director de fotografía: Ramiro Civita

Duración: 113 minutos

De esquerda a dereita, Pilar Pérez Rey, Candela Peña, Fernando León de Aranoa e Carmen Briz

Princesas, a última película do director de cine Fernando León de Aranoa, conta a historia de amizade de Caye e Zulema, unha amizade inesperada, non buscada, non preparada, porque a elas dúas, en principio e case por definición, tócalles ser rivais. Ámbalas dúas traballan no mesmo, pero Zulema chega do outro lado do Atlántico e significa a competencia aberta. Xuntas aprenderán que a súa amizade é un fermoso refuxio.

Adoita repetir Fernando León que quería contar algo que trascendese o mundo da prostitución e que, en realidade, a película funcionaría igual de ben se as rapazas fosen caixeiras dun supermercado. Mais non o son, son putas, e este realizador soubo recoller cunha sensibilidade exquisita todo o alegre, todo o doloroso, todo o bonito que encerran as vidas desas superheroínas que exercen a prostitución nas nosas rúas. Para conseguilo, mergullouse durante un longo período de tempo nun traballo duro de documentación.

A tarefa de documentación

Conta Fernando León de Aranoa que *Princesas* arrinca da historia que lle contou un amigo seu. A súa nai tiña unha perruquería na que se reunían as prostitutas do barrio, e el, sendo un cativo, escoitaba as súas conversas sen perder detalle. Conta tamén que a idea escribiuna dunha tirada nunha viaxe en tren e desde aquela non puido soltala. A piques de iniciar a rodaxe de *Os luns ao sol*, mandou o guiión nun sobre a Madrid para non o voltar a tocar, porque a historia das súas princesas xa o tiña atrapado. Cando voltou sobre el, despois da longa vida de *Os luns* –como sempre se refire á súa anterior película–, comezou a súa tarefa de documentación, un traballo que cada vez se toma máis en serio. Para Fernando León, a documenta-

ción empeza a ser un obxectivo en si mesmo, máis que un medio para escribir ben un guiión ou para poder facer unha película. «Ten unha parte moi bonita. Sempre que empezo un traballo de documentación, empézoo pensando que con ese traballo e as entrevistas que ás veces filmo, farei un documental algún día».

Segundo el, cada vez adica máis tempo a esta tarefa de documentarse e cada vez disfruta máis con ela. «Paréceme un luxo, un deses



Paréceme un luxo, un deses agasallos que che fai o cine, quizais dos mellores. Porque tes acceso a que alguén lle apeteza abrirse e que che conte cousas da súa vida que doutra maneira seguramente non chas contaría,...

agasallos que che fai o cine, quizais dos mellores. Porque tes acceso a que alguén lle apeteza abrirse e que che conte cousas da súa vida que doutra maneira seguramente non chas contaría, sabendo que tampouco vas facer uso delas de forma real, como pode facelo un programa de televisión, senón que despois vas inventar, transformar e pór en boca dos personaxes que teñen outra idade, outra pinta. Nesta última película, máis que nas outras, foi marabilloso». Cando tan só tiña as primeiras vinte páxinas da historia escritas, enteirouse de forma casual de que no Museo Nacional Centro de Arte Reina Sofía podía verse unha exposición fotográfica de Maya Goded, titulada *Sexoservidoras*, que é como chaman as traballadoras do sexo en México. «Ademais da exposición había unha charla do colectivo Hetaira, que traballa pola defensa dos dereitos das prostitutas. Dous anos despois, cando xa empecei a escribir a historia, voltei contactar coa xente do



quen se pode falar dos problemas e tratar de resolvelos. Danlles un pouco de acougo. É algo que quizais non se pode escribir nun folleto de axuda, mais é das máis importantes ou das máis bonitas que vin. É pura socialización».

mento. Iso sae da mistura de varias cousas, da imaxinación. Quería saber como é de dramático, como é de esperanzado, canto hai de tenrura, o que hai de dor, o que hai de alegría, o que hai de esmorga tamén. Iso non o consegués indo un



colectivo. Custoume un pouco falar con elas [ri], todas estaban moi ocupadas facendo manifestacións. Ao fin conseguino e tiven a sorte de que confiasen no proxecto, en min, que me deixasen acompañalas no seu traballo».

Fernando León converteuse por un longo tempo, nun máis dentro do colectivo Hetaira e estivo en reunións, manifestacións, concentracións, xornadas de debate e festas. Ademais, sentouse durante longas noites na roda de reposto da *Libertina*, furgoneta coa que cada semana visitan as zonas onde se exerce a prostitución e traballou repartindo Cola-Cao, galletas, folletos, condóns... Di que empezar a acompañalas no seu traballo foi para el a parte máis interesante, máis especial, polo que supuxo de contacto coa realidade. «As mulleres de Hetaira, ademais do traballo asistencial, crean unha relación ao longo dos anos coas mulleres que traballan na Casa de Campo, nos polígonos. E séntense cómodas a pesar de ser xente que non pertence ao seu mundo, pero con

Pero sobre todo traballou escoitando. Sinala que tivo o privilexio de poder estar moi cerca de moitas rapazas na Casa de Campo, nos polígonos industriais, de poder falar con elas, de escoitalas. E engade que empezou este traballo coa idea de facer unhas entrevistas, pero, pouco a pouco, foise decatando de que iso era o menos útil de todo, que, en realidade, o mellor era estar aí. «Hai un momento en que es parte do mobiliario simplemente e escoitas as súas conversas igual ca elas escoitan as túas. Ves a normalidade dunhas persoas, e iso é impagábel».

Xa tiña a historia armada e sabía, en liñas xerais, o que quería contar, mais precisaba contrastar a súa ficción coa realidade: «Tentas entender a través da documentación, cheirar un pouco, quedarte cun perfume, atopar un espírito. Non procuras unha trama, un argu-

«As mulleres de Hetaira [...] con quen se pode falar dos problemas e tratar de resolvelos. Danlles un pouco de acougo. É algo que quizais non se pode escribir nun folleto de axuda, mais é das [cousas] máis importantes ou das máis bonitas que vin. É pura socialización»

día e preguntando. Seguramente non che van respostar ou che van dicir cousas que seguramente non sexan certas. Para entender, cómpre estar alí durante un tempo máis longo, porque esa conclusión non a sacas nun día nin en dous. Normalmente partes dunha intuición. Aparecen cousas que intuiches e outras sorprendentes que acostuman ser as máis interesantes».

E captou a beleza presente nas conversas sobre os seus fillos, os seus mozos, as súas familias, nas súas miradas, nos seus vestidos e peiteados, no contido das súas mochilas, no xeito de enfrontarse ao

mundo: «Logo hai detalles –como collen o teléfono, por exemplo– que parece que son unha parvada, pero que che fan falta para escribir un guión. Tratábase de comprobar se estaba moi errado sobre o que andaba a escribir. O do piso compartido de Zulema sae realmente nunha conversa con Marga, unha rapaza albanesa que traballa na Casa de Campo. Ela falaba dos seus problemas, das súas diferenzas culturais cunha familia de ecuatorianos coa que compartía casa, das broncas coa música, coa ducha... A película constrúese con todas esas pequenas cousas e hai ducias delas».

Tampouco quería rodar desde a mirada do cliente que amosa as rapazas alineadas na beirarrúa dunha estrada, a través da ventana do coche. Explica que lle interesaba o contraplano desa mirada; non o diálogo entre o cliente e a prostituta, senón a rapaza que se vira e que se pon a falar con outra compañeira. «Tiña que estar alí cando ela dese a volta. As mulleres tiñan moita confianza no colectivo e para elas non era un problema que eu estivese na furgoneta acompañándoas. Iso púxome moi fácil. Unha das primeiras cousas que descubrín é que, como en calquera outro mundo, todo é bastante ambiguo, as fronteiras non están tan claras, temos visións abondo esquemáticas das cousas. É un mundo tan complexo como o que máis, con tantas posibilidades e situacións distintas como persoas hai dentro. Cada rapaza coa que falaba tiña unha circunstancia vital completamente distinta».

Alumiñar as mulleres da rúa

Antes de comezar a rodaxe, e xa pechado o *casting*, con Candela Peña como «Caye» e Micaela Nevárez como «Zulema», Fernando regresou á Casa de Campo acompañando esta vez as actrices. Micaela afirmaba: «Agora vou ver onde nace Zulema». Todo o equipo técnico e artístico de *Princesas* volcouuse no proxecto e alumiñou as mozas da rúa. Fernando León quería que lle devolvesen as súas visitas, que fosen elas agora as que se desprazasen ata a rodaxe, que formasen parte da súa película. Quería que lle botasen unha man e non só que aparecesen na película. «Apetecíame que axudasen a transmitir ás outras rapazas de figuración cómo esperan, cómo se plantan diante dun coche. Fíxome moita ilusión telas por alí».

maioría de invitados xa fóra. Foi o que el chamou, contento e orgulloso, «o seu primeiro cinefórum».

O seu desexo é que quen vaia ver a película se sinta preto das protagonistas, que estas non lle resulten alleas, que se entendan as



«Existimos porque alguén pensa en nosoutas e non ao revés»


Agora, case un ano despois, tiña ganas de ensinarlles a película, porque sentía a necesidade de «devolvérllela», e tamén algo de temor: «Sobre todo á xente que estivo aí, axudando, esforzándose, contándoches cousas. Todo está reinventado na película. Medo sempre dá. Mais isto ocórreme a miúdo. Ocorreume cando ensinei *Os luns* á xente dos estaleiros. E agora tamén pasará, mais está claro que haberá que facelo igualmente».

Pasou e na preestrea en Madrid as mulleres voltaron a acompañalo. Non paraba de repetir, e con el todo o seu equipo, que o que máis lle importaba esa noite era a opinión das mulleres. E houbo momentos especiais nos que elas aplaudiron con intensidade. E de novo, un pequeno curro onde conversar, mais esta vez non na *Libertina*, senón no patio de butacas, coa

súas motivacións. A Fernando León gustaríalle, como el di, conseguir transmitir a sensación de que as mozas se coñecen, de que xa as viches antes. «Estaría moi ben se lle quedase unha idea semellante á que me quedei eu durante todo o proceso de documentación. Os personaxes das películas só existen se alguén os imaxina, os inventa, se alguén pensa neles, como di a personaxe de Caye na película varias veces, algo que repite a súa nai: «Existimos porque alguén pensa en nosoutas e non ao revés». Grazas a Zulema, Caye existe. Zulema pensa nela e dálle a vida. Agora, se a xente pensa nos personaxes, lémbraos e considéraos ante todo como persoas, estaraos facendo existir. É algo semellante ao que pide Caye para si mesma, o que pide para elas». ❧

Adelaida, a nai de todos



 PATRICIA COSTA GRANDE*

O vindeiro 30 de xaneiro cumprirá 83 anos, e só ela sabe o difícil que foi chegar ata eles. Naceu na rúa do Curro, en Bouzas, unha pequena aldea de A Merca (Ourense). Filla de Basilio Díaz Pracer –un dos moitos homes que emigraron a Cuba sen éxito– e Xosefa Suárez Iglesias. O seu único irmán, Xosé, marchou a La Habana sendo un neno, con 14 anos, e cando morreu deixoulle todo o que tiña, que non era pouco daquela. Da súa infancia o que lembra é a miseria e o traballo, sobre todo o traballo:

Nada de escola –bastaba con aprender o máis importante na casa–, pero si moitos amenceres de choiva, frío ou calor levando as vacas cara o monte, sen apenas comer ou durmir.

Aos 18 anos coñeceu o que sería o seu home, Ramón Grande Iglesias. Ao pouco tempo quedou embarazada da súa primeira descendente, Xosefa. Estivo acompañada por Ramón ao longo dos nove meses, pero logo este desaparecería do mapa case tres anos por mor da guerra, en Irún. De volta a casa, a familia non fixo máis que medrar. Primeiro viría Carme, os dous anos Encarnita, máis tarde Marisa, Moncho, Pepe e, por último, Lourdes. Aínda así, poucas veces visitou o hospital, tódolos alumbramentos tiveron lugar no fogar, coa única axuda dunha afamada curandeira dos arredores, Luz Divina, nai de Prieto, futuro home de Carme:

Lembranzas dunha época

Nunca esquecerei o parto de Pepe, nunha casa sen parede, protexida soamente grazas a unha tea e soa, moi soa. Grazas a unha veciña que, de alí a uns días, me levou un caldiño para repor forzas. De aí que sempre nos levásemos todas tan ben e, aínda hoxe, as que quedamos somos coma da familia, sempre unhas por outras.

No que se refire ao traballo, o campo era naqueles tempos o único sustento familiar, con tres vacas, un burro e pouco máis. A alimentación non era a adecuada e a vida, en xeral, tampouco. De aí que Adelaida tivese dous abortos, un deles perigoso, aos cinco meses, por mor dunha forte caída do burro, que ata a levou, desta vez si, a estar ingresada; e outro, por causas naturais. Por outra banda, non tardaron moito en ter que repartilos os *retoños* polas casas adiante, enténdase, de familiares:

Aos catro anos a Marisa levámola a casa do tío Xosé, a Rondela, o resto non quería quedar. Aos vintecatro meses, a avoa fíxose cargo de Encarnita. Os demais eran moi pequenos ou pouco espabilados para marchar do meu carón.

No 1952, o cabeza de familia decidiu que o mellor era viaxar a Venezuela, onde lle agardaban boa parte dos seus irmáns e un país no que, cría, podería triunfar. Os plans non saíron todo o ben que esperaba. Volveu cunha úlcera de estómago e tivo que ser operado de urxencia no sanatorio ourensán do Carme. E isto grazas a axuda dos seus oito irmáns, que tiveron a boa vontade de pagarlle billete de regreso. Recuperar recuperouse, e tanto! Pouco despois, Adelaida descubriría a súa, en teoría, primeira infidelidade, e cunha veciña. Pese a pouca prosperidade en terras sudamericanas, 38.000 pesetas –unha parte de aforros e outra parte cedida novamente polos irmáns de Ramón– serviron para mudar de fogar e construír unha casa digna. O baixo aproveitaríano para abrir unha tenda e un almacén de legumes, patacas e outros produtos que saían vender pola provincia cun humilde camión.


O panorama melloraba para a familia de Adelaida. A maior parte dos fillos xa casaran e comezaban a construílas súas propias vidas. Só quedou na casa a pequena, Lourdes. A partir de entón as únicas saídas familiares da miña avoa estaban xa programadas, as misas dominicais e, no peor dos casos, os soterramentos e funerais *de turno*:

Naquel entón saías con calquera roupa... incluso a interior, cosíama unha prima miña... que, por certo, morreu no Brasil! Aproveitaba calquera retal que tivera a man, mesmo saco nalgúns tempos. Ademais, houbo unha época na que o meu irmán Xosé enviaba teas dende Palma de Mallorca.

A tristeza volveu de súpeto Ao camiño de Adelaida, coa morte do seu marido, aos 51 anos. Nunca puidera presumir de boa saúde, pero quen traballaba duro no campo era Adelaida. El, sorprendentemente, prefería ocuparse da casa e dos fillos. Pouco despois, a filla maior de Adelaida, Carme, e o seu home Prieto, volveron de Alemaña e fixéronse responsables da tenda/almacén e restaurante, porque tamén se servían comidas caseiras. Mentres, a depresión cebouse coa miña avoa. Baixo a súa responsabilidade estaba agora manter unido o niño e sacar adiante o que quedaba del, a pequena Lourdes, con tan só 13 anos.

Ademais, había caras novas na familia de Adelaida, as de Celso e Monchiño, dous netos, os fillos de Xosefa, emigrada a Suíza, que estarían ao seu cargo ata os 16 e 19 anos, respectivamente. Marisa, pola súa banda, estaba en terras xermanas, e a súa descendente, Pastori, pasaría tamén os seus tres primeiros anos coa avoa. E logo Carmiña, a filla de Carme (antes da morte do patriarca), e Aidita, coas súas 9 primaveras, filla de Moncho, que se atopaba traballando en Suíza... Por se fora pouco, durante un ano este foi o fogar dunha consogra, a nai de Alfredo, o marido de Xosefa.

No 1978 casou a benxamina e o fogar encheuse de novo de rapaces. O primeiro, Rogeliño, estivo preto dun ano en mans de Adelaida (dende os seis meses), unha vez máis por mor da emigración. Logo virían Noelia e Míriam. Pouco a pouco, a vida foi sorrindo, aínda que as bágoas nunca desapareceran dos ollos da miña avoa, por unhas ou outras cuestións, mesmo as lembranzas:

Agora, cos fillos e mesmo cos netos criados e casados, non hai máis que disfrutar do que queda, dos bisnetos, do día a día, que en nada se asemella ao que eu tiven que sufrir. A maior satisfacción é botar unha ollada rápida e comprobar o ben que lles foi aos meus fillos na vida e, agora, aos meus netos e ao resto da familia. Isto é o máximo desexo que pode pedir unha nai, a nai que fun para todos! 

* Patricia Costa Grande é neta de Adelaida.

Violencia en parellas novas¹

Libros

 NANINA SANTOS

No prólogo que abre o libro, advírtenos Gonzalo MUSITO OCHOA dese importante paradoxo que contén a familia pois ao tempo que é lugar de máximo afecto, apoio, comprensión, tamén é o cenario onde se producen grande número de actos violentos.

E este é un dos problemas difíciles. Difícil entender como poden unirse cariño con malos tratos, como unha persoa que te quere pode violentarte psíquica e fisicamente. E é difícil tamén porque este é un dos nós que destrúe a resistencia das vítimas.

O libro parte dunha investigación realizada entre 1.146 estudantes de ensino medio de entre 16 e 18 anos, feita en centros escolares da provincia de Santa Cruz de Tenerife porque para as autoras é importante desenvolver políticas de carácter preventivo e isto esixe coñecemento polo miúdo das situacións de maltrato e da relación deste maltrato con outras formas de maltrato familiar.

As nosas autoras colócanse en posicións moi de sentido común, porén que non son as que máis se escoitan sobre todo cando as presións mediáticas apretan e representantes da Administración, organizacións de mulleres, etc usan

palabras máis ou menos grandilocuentes e sempre repetidas sobre a erradicación da violencia, sobre o incremento de penas, de castigos, de novas reformas de leis...

Rosaura González e Juana Dolores Santana asentan o seu traballo noutros criterios:

A violencia de xénero no ámbito da parella é un **fenómeno complexo e multidimensional**, é dicir, son diversos os factores que fan posíbel esta violencia.

Erradicala non é tarefa fácil, e non por repetilo máis veces e máis alto, o problema encontrará mellor solución. Esixe, ademáis, modificacións no xeito de concebir as relacións no ámbito familiar.

Para desenvolver políticas preventivas é de todo punto preciso o coñecemento polo miúdo polo que hai que investigar en concreto, pero, nos advirten contra as lecturas superficiais dos resultados do estudo pois cando elas indican situacións de risco o que queren e ao que nos invitan, é a alentar ás persoas afectadas (e á comunidade) a loitar conscientemente contra a violencia porque as circunstancias que afectan ao noso comportamento son máis poderosas cando ignoramos a súa influencia.

Non se trata de sinalar a ningún cómo potencial agresor, ademais importa e importa moito, evitar os efectos perversos da etiquetaxe social (para evitar profecías autocumpridas).

O texto está dirixido a xoves e educadores co obxectivo de lograr un labor preventivo máis amplo e fomentar a igualdade. E diríxese por igual a elas e a eles porque saben, como sabemos, que é imposíbel acabar coa violencia sen o esforzo conxunto de mulleres e homes.

O libro organízase cun prólogo do xa mentado MUSITO e unha introducción no que as autoras explican os seus propósitos e a estrutura do libro: seis capítulos.

Contexto sociocultural e económico das familias; o noviazgo e os seus sabores; resultados do estudo con parellas xóvenes; a xeito de reflexión; unha mirada cara o futuro, e no último capítulo, descrición da metodoloxía empregada e, como remate seis páxinas de referencias bibliográficas.

¹ GONZÁLEZ, Rosaura, e Juana Dolores SANTANA HERNÁNDEZ: *Violencia en parejas jóvenes. Análisis y prevención*, Madrid, Pirámide, 2001.

En cada capítulo inclúese un cadro-resumo sistematizado e conciso de utilidade.

Reproduzo o do capítulo seis: «Unha mirada cara ó futuro», porque se centra e refire a un tipo moi concreto de acción preventiva, a que se pode desenvolver no ámbito educativo.

Resumo²

▶ É imprescindible emprender un labor preventivo no ámbito educativo. Sen embargo, isto non debe facerse sen un planeamento acaído e unha avaliación rigorosa que detecte posíbeis efectos perversos.

▶ Os intentos de pór en marcha programas de prevención de violencia con xoves son relativamente recentes, polo que non ten pasado tempo bastante para avaliar a súa eficacia a medio e longo prazo.

▶ Recoméndase aplicar os programas de prevención a idades temperás, cando resulta máis fácil modificar as actitudes dos xoves.

▶ Recoméndase potenciar aquelas habelencias que lles permitirán desenvolver relacións saudábeis, en troca de cargar as tintas nos perigos que asexan.

▶ A boa marcha dos programas de prevención require establecer un clima de conciliación entre sexos. De outro xeito, poden provocarse efectos non desexados (pesimismo dos xoves respecto ás relacións de parella, resistencias nos varóns cara ás mensaxes do programa, etc.).

▶ Debe fomentarse a participación dos xoves no proceso de cambio co obxecto de canalizar a influencia do grupo, crebar a imaxe de falso consenso, coñecer aquelas situacións e crenzas que propician a violencia, etc.

² Idem nota 1, p. 93.

É necesario coordinar estes programas dentro dunha política xeral de prevención.

A violencia nas relacións de parella é mais frecuente do que a maioría imaxina, porén non se trata dunha dificultade máis a superar pola parella e o mellor xeito de combatela é freala desde que comeza:

Os que aceptan as primeiras agresións soen entrar nun espiral que lles leva paulatinamente cara a maiores niveis de violencia e lles fai perder perspectiva sobre a situación que viven. Moi poucas persoas admitirían manter unha relación con alguen que lles dá unha malleira na primeira cita, pero poden crer que un empurrón non ten importancia. Sen embargo, a violencia comeza facendo unha tímida aparición primeiro e, posteriormente faise dona dalgunhas relacións durante anos. Por iso, propoñémonos descri-

bir cales son as situacións de maior risco para as parellas, e analizar a dinámica que se xera após a aparición das primeiras manifestacións violentas (p. 22).

Hai circunstancias que potencian a violencia pero que por si soas non explican a súa aparición:

[...] dificultades económicas, illamento social, o divorcio etc., contribúen a facer medrar o estrés das familias. O consumo de alcohol e drogas indica outro tipo de problemas de socialización e inadaptación nos agresores. Sen embargo, *soe ser necesario algo máis para que se manifeste a violencia, un sistema moral que xustifique o seu uso e traslade á vítima a responsabilidade polas agresións.*³

O libro é estupendo. Paga a pena lelo, difundilo, debatilo nos grupos de xente que traballan en prevención desta violencia e ver qué e cómo se pode levar aos centros

de ensino, entre o profesorado e para traballar cos mozos e mozas.

Naturalmente que se aportan moitas cousas do que sucede no ámbito familiar e convén, polo tanto a súa lectura a proxenitores, e por suposto ás persoas que traballan en prevención social, que deseñan políticas, que...

Ben estaría que neste país houbera estudos semellantes ou que se promovan investigacións concretas no futuro, porque ademais de axudar a cobrar consciencia da gravidade do maltrato feminino tanto tempo silenciado, danos ferramentas para traballar a prol da súa eliminación. ☞

³ A cursiva é miña.

Servicio de Asesoramento das Mulleres

■ CONCELLERÍA DA MULLER ■

Para a atención específica dos problemas que afectan ás mulleres o Concello de Santiago pon a súa disposición o Servicio de Asesoramento das Mulleres


Para asesorarte nas túas dúbidas e buscar unha solución ós teus problemas familiares, laborais, xurídicos e sociais.

Estamos a túa disposición na Praza da Constitución s/n.

■ **Horario de atención ó público**

Tódolos días de 10 a 14 h.

Teléfono: 981 57 14 61



**CONCELLO DE
SANTIAGO**

Concellería da Muller

Axenda

Puntos de venda

A Coruña

Librería Couceiro. Praza do Libro, 12

Librería Xiada. Avd. de Fisterra, 76-78

Librería Lume. Rúa Fernando Macías

Pontevedra

Librería Michelena.

Rúa Michelena, 22

Librería Paz. Peregrina, 29

Santiago

Librería Couceiro

Rúa do Hórreo, 9

Librería Pedreira

Rúa do Home Santo, 55

Baba. Área Central

El Kiosko. Praza de Galicia

Ártico. Rúa do Vilar, 49

Ourense

Livraria Torga. Rúa da Paz, 12

ALGÚNS ENDEREZOS E TELÉFONOS DE INTERESE

Lugo

Casa da Muller. Concellería da Muller

Avda. da Coruña, 212. Tel.: 982 206 336

Santiago

Servicio de Asesoramento das Mulleres Concellería da Muller

Horario: mañá de 10 a 13 / tarde dos luns, mércores e venres de 17 a 19 h.

Praza da Constitución s/n. Tel.: 981 571 461

Vigo

Alecrin

Centro de Documentación, biblioteca, hemeroteca

Horario: 10 a 1:30 / 4 a 8 h de luns a venres.

García Barbón, 30 - 5º. Oficina 8

Tel.: 986 439 459

Casa da Muller

(Centro Municipal de Asesoramento dos Dereitos da Muller)

Rúa Romil, 20. Tel.: 986 293 963

Pontevedra

Asesoría Xurídica Mulleribus

Asamblea de Mulleres de Pontevedra

Benito Corbal, 36-1º. Tel.: 986 865 028

Horario: Martes e Xoves de 19 a 21 h

Xanela. Apartado 90. 36810 Redondela

S.G.I.

Servicio telefónico de asesoramento gratuito. Tel.: 900-400 273

PUBLICIDADE



AQUANOVA
Viajes

Benito Corbal, 16
986 850 086 (4 líneas). Pontevedra



Jorian
PELUQUEROS

C. Betanzos, nº. 15
Santiago de Compostela
Tel.: 981 563 677



Rosa

LEE PARKS

Claudette Colvin foi a primeira muller afroamericana, que con só 15 anos, se negou a ceder o seu asento nun autobús de Montgomery a un branco e foi detida. Mais Claudette estaba embarazada, era pobre e a súa pel era máis preta que a da muller que pasaría á historia polo mesmo, Rosa Lee Parks.

Rosa Lee Parks –nada en Tuskegee (Alabama) o 4 de febreiro de 1913– estudou nun colexio alternativo, seguiu un curso de activismo en Tennessee e, ademais, traballou para unha branca da Costa leste involucrada na loita contra o racismo, antes de tomar a decisión que cambiaría a historia recente dos Estados Unidos. Dez anos despois de ser electa secretaria en Montgomery da Coaligación para o Avance da Xente de Cor, unha tarde de decembro de 1955, Rosa negouse a deixar a súa praza nun autobús urbano a un branco. O condutor ameazou con denunciála e Parks, costureira, respondeu: «Podería facelo».

A partir da súa detención desatouse un movemento de resistencia civil da comunidade afroamericana, o seu caso chegou ao Supremo, gañouno e Rosa Parks converteuse nun símbolo.

O resto é a historia que cambiaría a realidade do sur: recrudécéronse os atentados contra os líderes do movemento afroamericano; nos anos sesenta aprobouse a acta de dereitos civís da Administración Kennedy; a loita no seo do Partido Demócrata polo recoñecemento dos delegados negros do sul na convención que remataría elixindo a Johnson...

O nome de Rosa Parks, xunto ao de Fannie Lou Hamer, Ella Baker, Malone Jones, Francis Carter-Hilliard, Angela Davis e tantas outras mulleres afroamericanas feministas, forma parte da historia da dignidade e da valentía dun movemento que puxo contra as cordas a unha das principais potencias do planeta.

Rosa Parks faleceu o 24 de outubro de 2005.